

ASUNTO PLE/2022/00037097Y

ACTA NÚM. 15 - SESIÓN ORDINARIA 27 DE XULLO DE 2022

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **10:05 horas** do día **27 de xullo de 2022**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTEN:

Don Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente

PSdeG-PSOE:

Dona Mercedes Rosón Ferreiro
Don Gumersindo Guinarte Cabada
Dona María Milagros Castro Sánchez
Don Gonzalo Muíños Sánchez
Dona Marta Abal Rodríguez
Don José Manuel Pichel Patiño
Don José Javier Fernández Martínez
Dona María Esther Pedrosa Carrete
Don Rubén Pol Mariño

PP:

Dona María Angeles Antón Vilasánchez
Don José Antonio Constenla Ramos
Don Evaristo Ben Otero
Don Ramón de Jesús Quiroga Limia
Dona Beatriz Cigarrán Vicente
Dona María Castelao Torres
Don Pedro José Rey Sanchiz

CA:

Dona Branca Petra Novo Rey
Dona Marta Irene Lois González
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez
Dona María Rozas Pérez
Don Xan Xesús Duro Fernández

BNG:

Dona María Goretti Sanmartín Rei
Dona Navia Rivas de Castro.

José Manuel González García, vicesecretario do Concello de Santiago de Compostela.

Non asiste o concelleiro Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes ás sesións extraordinaria do día 17 de xuño e ordinaria do día 4 de xullo, ambas do corrente ano.

2. Aprobación do expediente de crédito extraordinario núm. 2022-CREXT-12, por importe de 154.438,32 euros financiado co remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello exercicio 2021, levantamento de reparo de competencia plenaria e o recoñecemento extraxudicial de créditos para aprobar unha parte dos gastos rexistrados na conta 413.

3. Proposta da alcaldía para o outorgamento de títulos, honras e distincións.

4. Proposición presentada polo grupo municipal de CA para que se abra o novo centro cívico da cidade vella situado na praza de Salvador Parga.

5. Proposición presentada polo grupo municipal de CA para facilitar a accesibilidade ao novo edificio do proxecto do polo de innovación de biotecnoloxía na Sionlla.

6. Proposición presentada polo grupo municipal do BNG para o mantemento da emisión por streaming das roldas de prensa e das sesións plenarias.

7. Proposición presentada polo grupo municipal do PP para a elaboración dunha estratexia para a accesibilidade, posta en valor e mantemento de edificios de interese histórico, cultural e turístico de Santiago.

8. Dar conta de resolucións da alcaldía, das concellarías delegadas e actas da Xunta de Goberno Local.

9 Rogos, preguntas e interpelacións.

Interpelación:

1.- Formulada polo grupo municipal do PP para a posta en servizo dos quioscos da Alameda e da Praza de Vigo.

Rogos:

1.- Formulado polo grupo municipal do PP para instalación de iluminación no lugar da Xesteira-San Caetano.

2.- Formulado polo grupo municipal do PP para a mellora da seguridade e a calidade ambiental no parque Alfredo Vicenti-Lamas de Abade.

3.- Formulado polo grupo municipal do PP para coordinar as obras que afecten ao tráfico na contorna dos centros escolares.

4.- Formulado polo grupo municipal do BNG para a reparación das escaleiras do parque de Belvís.

5.- Formulado polo grupo municipal do BNG para cambiar de emprazamento a escultura das vítimas de violencia de xénero para as inmediacións da casa das mulleres Xohana Torres.

6.- Formulado polo grupo municipal de CA para que se atendan as persoas sen fogar desprazadas da dársena de Xoán XXIII.

7.- Formulado polo grupo municipal de CA para que se arranxe o paso sobre o rego Salgueiro en Bálsuma.

8.- Formulado polo grupo municipal de CA para que se realice a limpeza das hortas municipais situadas no barrio de Fontiñas.

Preguntas resposta oral:

1.- Formulada polo grupo municipal de CA sobre os orzamentos participativos.

- 2.- Formulada polo grupo municipal do PP sobre as medidas en relación co aparcamento ilegal na contorna do aeroporto.
- 3.- Formulada polo grupo municipal do PP sobre as actuacións realizadas ao longo do último ano e medio para evitar o risco de incendio forestal nos arredores do IES Lamas de Abade.
- 4.- Formulada polo grupo municipal do PP sobre a extensión de actividades alternativas para o ocio nocturno da mocidade ao longo do ano.
- 5.- Formulada polo grupo municipal do BNG para a adopción de medidas de protección e divulgación de alquerques, taboleiros de xogo en lousas.
- 6.- Formulada polo grupo municipal do BNG sobre o novo parque comarcal supramunicipal de bombeiros.
- 7.- Formulada polo grupo municipal de CA sobre o novo sentido de circulación na rúa das Hortas.
- 8.- Formulada polo grupo municipal de CA sobre as consecuencias para a veciñanza da rúa Porto de Conxo pola construción do novo viario de acceso ao Milladoiro.

Preguntas resposta escrita:

- 1.- Formulada polo grupo municipal do PP sobre o proxecto de iluminación da rúa das Estrelas.
- 2.- Formulada polo grupo municipal de CA sobre a explotación dos quioscos da Alameda e da praza de Vigo.

10 Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos políticos municipais:

1. Presentada polo BNG para a estabilización dos postos de traballo municipais.
- 2.- Presentada polo BNG para a mellora dos espazos e servizos públicos no Castiñeiriño e para a ampliación dun parque infantil.
- 3.- Presentada polo BNG para mellorar a información e sinalización turística.
- 4.- Presentada polo PP para o avance na modernización ferroviaria de Galicia e a dotación de trens Avril de ancho variable.
- 5.- Presentada polo BNG para dar a coñecer o espazo Monte de Deus e atender as demandas veciñais para estender as liñas de autobús urbano a Vite de Arriba.
- 6.- Presentada por CA para apoiar as reivindicacións das tripulacións de cabina que operan no aeroporto.
- 7.- Presentada por CA para completar o proxecto de reforma do límite leste da Alameda e as obras de reforma e mellora da accesibilidade da rúa do Pombal para impulsar mecanismos de coordinación entre concellarías nas obras.

Antes da celebración da sesión plenaria foi retirada polo BNG a moción relativa á estabilización dos postos de traballo municipais.

En primeiro lugar, e antes de comezar co estudo dos asuntos incluídos na orde do día, ten lugar a intervención do señor Moure Otero, como presidente do Clube Deportivo Racing de San Lourenzo, en relación ao convenio do campo da USC.

Seguidamente vótase a declaración de urxencia e inclusión na orde do día dos asuntos que se relacionan cos resultados que se indican:

Declaración institucional sobre a Axencia Estatal de Supervisión de Intelixencia Artificial.

Aprobada por unanimidade dos asistentes.

Moción urxente de CA sobre o monte galego.

Aprobada por unanimidade dos asistentes.

Cumpriméntase así:

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS EXTRAORDINARIA DO DÍA 17 DE XUÑO E ORDINARIA DO DÍA 4 DE XULLO, AMBAS DO CORRENTE ANO.

O Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes aproba as actas correspondentes ás sesións extraordinaria do día 17 de xuño e ordinaria do 4 de xullo, ambas do corrente ano.

2. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO NÚM. 2022-CREXT-12, POR IMPORTE DE 154.438,32 EUROS FINANCIADO CO REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS DO CONCELLO EXERCICIO 2021, LEVANTAMENTO DE REPARO DE COMPETENCIA PLENARIA E O RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS PARA APROBAR UNHA PARTE DOS GASTOS REXISTRADOS NA CONTA 413.

Antes de iniciarse o debate, abandona a sesión don José Javier Fernández Martínez, sendo as 10:25 horas.

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

1. Vista toda a documentación que forma parte dos expedientes de recoñecemento extrajudicial de crédito derivados das facturas en situación de OPA a 31.12.2021 incluídas neste expediente a tramitar que suman un total de **154.438,32 euros**, xunto cos seus respectivos informes de fiscalización e propostas plenarios para a súa habilitación de crédito mediante crédito extraordinario cuxo importe ascende a **154.438,32 euros**, levantamentos de reparo de competencia plenaria no seu caso e o seu recoñecemento extrajudicial de crédito remitidas polos distintos centros xestores afectados (toda a documentación orixinal remitida polos diversos centros xestores en relación as facturas incluídas neste expediente están a disposición dos membros da Corporación nas oficinas onde se sitúan os servizos económicos municipais).

2. Considerando que con base no acordo do Consello de Ministros de data 27.07.2021, co pronunciamento favorable da maioría absoluta do Congreso de Deputados na súa sesión plenaria celebrada o 13.09.2021, de invocar a previsión contemplada no artigo 135.4 da Constitución Española e, en coherencia co dito mandato a do artigo 11.3 da LOEASF polo cal, con carácter excepcional, quedan suspendidos os obxectivos de estabilidade e débeda pública, así como a aplicación da regra do gasto durante o exercicio 2022 (ao igual que xa acontecera con anterioridade para os exercicios 2020 e 2021).

3. Tendo en consideración a resolución nº 2022/4163 de 11.04.2022 da Concelleira delegada de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local pola que se aproba a liquidación do Orzamento Municipal do exercicio 2021 do Concello de Santiago de Compostela e do organismo autónomo do Auditorio de Galicia, onde se recoñece a existencia dun Remanente Líquido de

Tesourería para Gastos Xerais (RLTGX 2021 en diante) de importe 23.231.476,17 euros e un saldo de obrigas pendentes de aplicar ao orzamento rexistradas na conta 413 de 8.256.814,84 euros.

4. Verificado que unha parte do saldo de OPAS do ano 2021, por importe de 944.099,91 euros xa foron saldadas con cargo ao recurso procedente do Remanente Líquido de Tesourería Afectado a través de diferentes acordos de incorporación obrigatoria de remanentes.

5. Verificado que unha parte do saldo de OPAS do ano 2021, por importe de 281.587,33 euros xa foron saldadas con cargo aos créditos iniciais do exercicio 2022.

6. Verificada a aplicación dunha parte do saldo do RLTGX 2021 coa aprobación do expediente de incorporación de remanentes 2022-INCOR-06 (resolución 2022/4938 de 29.04.2022) que aplicou 2.344.490,83 euros para atender á incorporación de remanentes de crédito correspondentes a saldos de gastos debidamente comprometidos no ano 2021 -en fase AD ou D- que achegan financiamento a facturas ou xustificantes de gasto que non puideron ser aprobados dentro dese exercicio.

7. Tendo en consideración o acordo plenario do expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-02 de importe total 349.504,04 euros, que se financia coa aplicación dunha parte do saldo do RLTGX 2021, para atender, por unha banda, o saldo daquelas OPAS relacionadas con anotacións en conta, polo tanto xa abonadas, recollidas nas contas bancarias municipais relativas a cotas de amortización de préstamos, xuros e outros gastos financeiros que quedaron sen aprobar no exercicio 2021 e, pola outra, aquelas OPAS relacionadas con facturas xa abonadas a través do procedemento extraordinario de financiamento establecido na disposición adicional 94ª da Lei 22/2021 de 28 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2022, denominado Mecanismo de Pago a Proveedores.

8. Tendo en consideración o acordo plenario do expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-03 de importe total de **789.468,81 euros**, financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais procedente da liquidación do Orzamento municipal do exercicio 2021, do levantamento dos reparos formulados pola intervención municipal, no seu caso, e a tramitación do acordo plenario de aprobación de recoñecemento extraxudicial de créditos das obrigas derivadas da aprobación das facturas incluídas neste expediente rexistradas na conta 413 a 31.12.2021 e de reserva dunha parte do saldo do RLTGX 2021 por importe de **3.937.147,03 €** para atender o saldo restante de OPAS que permita a cancelación da totalidade da conta 413 e o importe daqueles cargos domiciliados nas contas bancarias municipais realizadas no ano 2021 que se corresponden con domiciliacións de gastos de combustible e peaxes.

9. Tendo en consideración o acordo de aprobación plenaria do expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-07 de importe total 1.362.468,81 euros (en fase de exposición pública), que se financia coa aplicación dunha parte do saldo do RLTGX 2021, para atender obrigas derivadas da aprobación das facturas incluídas neste expediente rexistradas na conta 413 a 31.12.2021 e aprobar unha indemnización substitutiva a favor dos terceiros polos importes correspondentes a cada un deles derivados das prestacións efectuadas a esta Administración municipal e documentadas nos xustificantes de gasto emitidos. Neste mesmo expediente, tomouse acordo relativo no sentido de dispor de 1.362.468,81 euros do saldo de reserva de

crédito prioritaria do RLTGX 2021 para atender o saldo de OPAS, quedando o importe da reserva en 2.574.719,17 euros.

10. Tendo en consideración a proposta de acordo de aprobación plenaria do expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-11 de importe total 603.436,46 euros, que se financia coa aplicación dunha parte do saldo do RLTGX 2021, para atender obrigas derivadas da aprobación das facturas incluídas neste expediente rexistradas na conta 413 a 31.12.2021 e aprobar unha indemnización substitutiva a favor dos terceiros polos importes correspondentes a cada un deles derivados das prestacións efectuadas a esta Administración municipal e documentadas nos xustificantes de gasto emitidos. Neste mesmo expediente, tomouse acordo relativo no sentido de dispor de 603.436,46 euros do saldo de reserva de crédito prioritaria do RLTGX 2021 para atender o saldo de OPAS, quedando o importe da reserva en 1.971.282,71 euros.

11. Ante a necesidade de continuar coa cancelación da totalidade da conta 413 compre **a toma dun acordo de dispor de 154.438,32 euros do saldo actual da reserva de crédito prioritaria do RLTGX 2021**, de importe actual de **1.971.282,71 euros**, para atender o saldo restante de OPAS.

12. Visto o informe da Oficina Orzamentaria sobre, por unha banda, a procedencia de incoación dun expediente de crédito extraordinario con código de expediente 2022-CREXT-12 de importe total de **154.438,32 euros**, financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais procedente da liquidación do Orzamento municipal do exercicio 2021, o levantamento dos reparos formulados pola intervención municipal, no seu caso, e a tramitación do acordo plenario de aprobación de recoñecemento extraxudicial de créditos das obrigas derivadas da aprobación das facturas incluídas neste expediente rexistradas na conta 413 a 31.12.2021 por importe total de **154.438,32 euros** e aprobar unha indemnización substitutiva a favor dos terceiros que figuran na referida relación polos importes correspondentes a cada un deles derivados das prestacións efectuadas a esta Administración municipal e documentadas nos xustificantes de gasto emitidos, con imputación ás aplicacións orzamentarias cuxa habilitación se propón .

13. Vista a providencia de incoación do expediente asinada pola Concelleira delegada de Economía e Facenda en data 13.07.2022.

14. Visto o informe favorable da Oficina Orzamentaria asinado con data de 13.07.2022 e con número de referencia 64/2022.

15. Visto o informe emitido pola Intervención Xeral Municipal en relación a este expediente de crédito extraordinario, de levantamento de reparos e de recoñecemento extraxudicial de créditos.

16. Visto o acordo da Xunta de Goberno Local adoptado na súa sesión extraordinaria e urxente de 14.07.2022 onde se tomou acordo de aprobación do expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-12 de importe total de **154.438,32 euros**, financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais procedente da liquidación do Orzamento municipal do exercicio 2021, o levantamento dos reparos formulados pola intervención municipal de competencia plenaria e a tramitación do acordo plenario de recoñecemento extraxudicial de créditos das obrigas derivadas da aprobación das facturas incluídas neste expediente rexistradas na conta 413 a 31.12.2021 por importe total de 154.438,32 euros.

17. Visto o ditame adoptado pola Comisión informativa de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración Local, Facenda e Especial de contas, na súa sesión extraordinaria e urxente do día 21.07.2022, en relación ao expediente de referencia.

CONSIDERACIÓNS

I. NORMATIVA APLICABLE

Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEOSF).

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, artigos 34 a 38 e 60.2.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das Entidades Locais modificada pola Orde HAP/419/2014 de 14 de marzo.

Comunicación de 02.06.2021 da Comisión Europea de mantemento da suspensión do Pacto de Estabilidade e Crecemento quedando suspendida a consolidación fiscal e activación da cláusula de escape para o exercicio 2022.

Acordo do Consello de Ministros de 27 de xullo do 2021 de solicitar ao Congreso dos Deputados a apreciación de que España está a sufrir unha pandemia, o que a leva a unha situación de emerxencia extraordinaria que se axusta ao disposto no artigo 135.4 da Constitución española e no artigo 11.3 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

Acordo adoptado polo Congreso dos Deputados o 13 de setembro do 2021 polo que se suspenden os obxectivos de cumprimento das regras fiscais de Estabilidade Orzamentaria, Regra do gasto e Endebedamento para o exercicio 2022 e se autoriza as Entidades locais aos empregos do Remanente de Tesourería de forma non finalista.

Bases 12ª, 13ª e 30ª das Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2022.

II. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Con motivo do peche e da liquidación do orzamento do exercicio 2021, aprobada mediante resolución núm. 2022/4163 de 11 de abril, da Concelleira delegada de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local, púxose de manifesto a existencia de operacións pendentes de aplicar ao orzamento (conta 413) do exercicio 2021 por un importe total de 8.256.814,84 euros.

Así mesmo, coa liquidación do orzamento 2021 cuantificouse o importe do Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais en 23.231.476,17 €, o cal pode destinarse, de acordo cos usos que prevén os artigos 172 a 182 do TRLRFL, para financiar modificacións orzamentarias sempre que se teñan en consideración as prioridades na orde de pago enumeradas no artigo 135 da Constitución Española e no artigo 187 do TRLRFL, que recollen en primeiro lugar os créditos para satisfacer os xuros e o capital da débeda pública das Administracións, os gastos de persoal, e as obrigas contraídas en exercicios anteriores.

E se ben é certo que o Congreso dos Deputados apreciou en sesión de 13 de setembro de 2021 que se da unha situación de emerxencia extraordinaria que motiva a suspensión das regras fiscais durante o exercicio 2022, tal e coma indica a Secretaría Xeral de Financiación Autonómica e Local do Ministerio de Facenda no seu documento “Preguntas frecuentes sobre las consecuencias de la suspensión de las reglas fiscales en 2020 y 2021 en relación con las comunidades autónomas y las entidades locales”:

4. *“La suspensión de las reglas fiscales no implica otra correlativa de las obligaciones que tienen las administraciones públicas con terceros, y, concretamente, con los proveedores.”*

6. *“El superávit de los entes territoriales se debería destinar a la obligación de atender o cancelar la cuenta 413, al pago a proveedores de modo que se cumpla con el plazo máximo establecido en la normativa de medidas de lucha contra la morosidad, así como a financiar déficits durante la suspensión, con eso se evita el incremento neto de endeudamiento necesario para financiar aquellos. A estos efectos, hay que tener en cuenta que, en todo caso, el cumplimiento de las obligaciones de atender la cuenta 413 y cumplir con el plazo máximo de pago a proveedores no está afectado por la medida de la suspensión.”*

Neste sentido, tense verificado que unha parte do saldo de OPAS do ano 2021, por importe de 944.099,91 euros xa foron aprobadas con cargo ao recurso procedente do Remanente Líquido de Tesourería Afectado a través de diferentes acordos de incorporación obrigatoria de remanentes.

Por outra banda, tense verificado que unha parte do saldo de OPAS do ano 2021, por importe de 281.259,54 euros xa foron aprobadas con cargo aos créditos iniciais do exercicio 2022.

Ao mesmo tempo, a través da modificación orzamentaria de incorporación de remanentes de crédito número 6, financiada co RLTGX 2021, aprobada por resolución núm. 2022/4938, se incorporaron os saldos de compromisos de gasto debidamente adquiridos durante o 2021 por importe de 2.344.490,83 € aos efectos de atender aquelas facturas que non puideron ser aprobadas antes do final de ano e que quedaron pendentes de aplicar ao orzamento (OPA).

Coa mesma finalidade, aprobouse o acordo plenario do expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-02 de importe 349.504,04 €, financiado co RLTGX 2021, coa finalidade de atender parcialmente ás restantes operacións pendentes de aplicar ao orzamento (conta 413), en concreto, as derivadas da carga e outros gastos financeiros (232.479,47€) e para as facturas xa abonadas e non aprobadas incluídas no Mecanismo de Pago a Proveedores (117.024,57€) e o expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-03, de importe 789.468,81 € para atender parcialmente ás restantes operacións pendentes de aplicar ao orzamento (conta 413).

Con idéntica finalidade, tamén se atopa en fase de exposición pública o acordo plenario do expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-07, de importe 1.362.468,81 euros, financiado co RLTGX 2021, para atender parcialmente ás restantes operacións pendentes de aplicar ao orzamento (conta 413).

No mesmo sentido, sitúase en fase de tramitación de acordo plenario o expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-11, de importe 603.436,46 euros, financiado co

RLTGX 2021, para atender parcialmente ás restantes operacións pendentes de aplicar ao orzamento (conta 413).

Aos efectos de continuar coa aplicación prioritaria do saldo restante do RLTGX 2021, preséntase este expediente, por importe de **154.438,32** euros, dispoñendo para elo de parte da reserva de crédito acordada no expediente 2022-CREXT-03 do saldo actual do RLTGX 2021 por importe de 3.937.147,03 euros para atender ao saldo restante de OPAS, saldo que xa foi minorado previamente coa aprobación do expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-07 nun importe de 1.362.468,81 euros, e que se propón minorar coa proposta de aprobación plenaria do expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-11 nun importe de 603.436,46 euros.

III. DETERMINACIÓN DO IMPORTE PENDENTE DE APLICAR NO CONCELLO EN RELACIÓN AO REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS RESULTANTE DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2021

O importe do remanente líquido de tesourería para gastos xerais resultante da liquidación do orzamento do Concello do exercicio 2021 (en diante RLTGX 2021) foi de 23.231.476,17 euros.

Ao longo do presente exercicio fíxose uso deste recurso financeiro seguindo a normativa vixente, co detalle do seguinte cadro explicativo:

Detalle da aplicación actual do RLTGX do exercicio 2021

Importe do RLTGX do exercicio 2021		23.231.476,17	
Importe de saldo OPAS liquidación orzamento 2021		8.256.814,84	
Aplicación realizada para saldo OPAS 2021	Financiamento	Importe	Expediente aprobado ou en tramitación
Incorporación de remanentes (salDOS de AD ou D do exercicio 2021) para OPAS e outros gastos	RLTGX 2021	2.344.490,83	2022-INCOR-06
Incorporación de remanentes (salDOS de AD ou D do exercicio 2021) para OPAS e outros gastos	RLT afectado	944.099,91	
Pagamento saldo OPAS con cargo aos créditos iniciais do orzamento 2022	Recurso ordinario	281.587,33	
Aplicación do RLTGX para OPAS derivadas da carga e outros gastos financeiros	RLTGX 2021	232.479,47	2022-CREXT-02
Aplicación do RLTGX para OPAS derivadas de facturas abonadas incluídas no MPP	RLTGX 2021	117.024,57	2022-CREXT-02
Aplicación do RLTGX para OPAS	RLTGX 2021	789.468,81	2022-CREXT-03
Aplicación do RLTGX para OPAS	RLTGX 2021	1.362.427,86	2022-CREXT-07 (en trámite)
Aplicación do RLTGX para OPAS	RLTGX 2021	603.436,46	2022-CREXT-11 (en trámite)
Aplicación do RLTGX para OPAS	RLTGX 2021	154.438,32	2022-CREXT-12
Saldo de OPAS con crédito habilitado		6.829.453,56	
Reserva prioritaria orixinal do RLTGX 2021 para saldar OPAS sen crédito	RLTGX 2021	3.826.856,24	2022-CREXT-03
Reserva prioritaria orixinal do RLTGX 2021 para pagamentos domiciliados en conta	RLTGX 2021	110.290,79	2022-CREXT-03
Suma de importes da reserva prioritaria orixinal de aplicación do RLT para GX do 2021		3.937.147,03	2022-CREXT-03
Disposición de reserva prioritaria orixinal do RLTGX para OPAS	RLTGX 2021	1.362.427,86	2022-CREXT-07 (en trámite)
Disposición de reserva prioritaria orixinal do RLTGX para OPAS	RLTGX 2021	603.436,46	2022-CREXT-11 (en trámite)
Disposición de reserva prioritaria orixinal do RLTGX para OPAS	RLTGX 2021	154.438,32	2022-CREXT-12
Saldo pendente da reserva prioritaria de aplicación do RLT para GX do 2021		1.816.844,39	2022-CREXT-12
Saldo pendente de aplicar do RLTGX 2021 para outras finalidades		15.810.865,46	
Outras aplicacións do RLTGX 2021	Financiamento	Importe	Expediente aprobado
Incorporación de remanentes (salDOS de AD ou D do exercicio 2021) para subvencións	RLTGX 2021	1.315.769,99	2022-INCOR-07
Incorporación de remanentes para vehículos eléctricos (2021-CREXT-10)	RLTGX 2021	370.493,48	2022-INCOR-07
Incorporación de remanentes (salDOS de AD ou D do exercicio 2021) para outros gastos	RLTGX 2021	286.228,69	2022-INCOR-08
Crédito extraordinario para habilitación de crédito para proxecto RLTOU e RLTOR	RLTGX 2021	1.776.025,67	2022-CREXT-04
Suplemento de crédito para proxecto de gasto 2020/2/OBCSC/18	RLTGX 2021	58.206,72	2022-SUPLE-04
Crédito extraordinario para habilitación de crédito para pagamento de sentenzas e obrigas	RLTGX 2021	3.998.833,46	2022-CREXT-05
Axudas e actuacións de impulso na reconstrución económica e social	RLTGX 2021	1.955.000,00	2022-CREXT-08 (en trámite)
Crédito extraordinario para habilitación de crédito para actividades e axudas	RLTGX 2021	1.420.000,00	2022-SUPLE-05 (en trámite)
Crédito extraordinario para habilitación de crédito para novos investimentos	RLTGX 2021	3.322.359,40	2022-CREXT-09 (en trámite)
Crédito extraordinario para habilitación de crédito para aboamento act. tarifas recinto feiral Amio	RLTGX 2021	846.883,28	2022-CREXT-10 (en trámite)
Suma de aplicacións previstas en expedientes en tramitación plenaria		15.349.800,69	
Saldo pendente de aplicar do RLTGX 2021		461.064,77	

Do establecido no cadro anterior dedúcese que o importe aplicado ata o momento actual do RLT para GX resultante da liquidación do Concello do exercicio 2021 para

OPAS e outros gastos preferentes foi de 5.449.3328,00 euros e que, do importe de 1.971.282,71 euros aínda reservado do saldo do RLTX 2021 para atender aquelas OPAS non incluídas nos expedientes anteriores, empregaranse **154.438,32 euros** neste expediente. Considerando tamén o importe aplicado e previsto aplicar para outras finalidades que se detallan no cadro anterior, queda en pendente de aplicar deste recurso financeiro para outras finalidades o importe de 461.064,77 euros.

IV. APLICACIÓN DO RLTX 2021 PARA COBERTURA ORZAMENTARIA DUNHA PARTE DOS GASTOS REXISTRADOS NA CONTA 413 (ACREDORES PENDENTES DE APLICAR AO ORZAMENTO).

Por resolución número 2022/4163 da concelleira delegada con competencias en Economía e Facenda do 11.04.2022 aprobouse a liquidación do orzamento municipal correspondente ao exercicio 2021 da que resulta un saldo de obrigas pendentes de aplicar ao orzamento rexistradas na conta 413 de 8.256.814,84 euros, ás cales o Concello debe facer fronte.

No momento actual, estase en condicións de habilitar crédito para aquelas OPAS cuxo recurso de financiamento se preveu o RLTX 2021, seguindo para elo o disposto na base 30 de execución do orzamento actual (relativa ao recoñecemento extraxudicial de créditos) e demais normativa vixente.

A tramitación do expediente de crédito extraordinario que se propón aprobar ten o seguinte detalle:

- HABILITACIÓN dun crédito extraordinario por importe de 154.438,32 euros financiado co RLTX 2021 para atender unha parte das OPAS rexistradas na conta 413 a 31/12/2021, xunto co correspondente recoñecemento extraxudicial de crédito, co seguinte detalle das facturas a aprobar:

Documento	CX	Importe	Nº Operación	Terceiro	Nome Terceiro
60 22	38	417,45	220210036281	B70440599	POMBA PRESS SL
P 101234	38	2.904,00	220210036196	A15000391	EDITORIAL COMPOSTELA SA
07/2021	38	3.085,50	220210035901	33274934Y	EMILIO CLEMENTE GONZALEZ
2021 10210388	38	605,00	220210036282	B86509254	DIARIO DE PRENSA DIGITAL SL
2021 10210387	38	605,00	220210036283	B86509254	DIARIO DE PRENSA DIGITAL SL
AE 3885	22	289,06	220210035873	B36650992	ASCENSORES ENOR SL
0321/2021	38	974,05	220210035334	44841282E	REBECA MUNIN OLIVEIRA
W 100222	38	1.089,00	220210036284	A15000391	EDITORIAL COMPOSTELA SA
Emit21- 18	38	211,75	220210035333	B70546171	COMPOSTELA24HORAS SL
2021- 65	38	816,75	220210035138	G70319116	FUNDACION PRAZA PUBLICA
P 102557	38	2.904,00	220210035332	A15000391	EDITORIAL COMPOSTELA SA
P 102571	38	2.904,00	220210036209	A15000391	EDITORIAL COMPOSTELA SA
RC19064	38	193,60	220210035331	44828756P	ROCIO CIBES GRAÑA
Emit- 836	45	380,00	220210035051	A35577873	RENTA GRUPO EDITORIAL SA
P 102738	38	471,90	220210035369	A15000391	EDITORIAL COMPOSTELA SA

Documento	CX	Importe	Nº Operación	Terceiro	Nome Terceiro
215011PA00748 76	38	2.999,74	220210034868	B28016970	SOCIEDAD ESPAÑOLA DE RADIODIFUSION SL
P21 007206	38	471,90	220210036285	A15000649	LA VOZ DE GALICIA SA
0349/2021	38	974,05	220210035329	44841282E	REBECA MUNIN OLIVEIRA
1 202	38	362,40	220210034869	J70444740	BEIROA DUARTE SC
IR21 000051	38	2.842,29	220210034874	A15000649	LA VOZ DE GALICIA SA
2211044272	38	992,20	220210034877	A28782936	UNIPREX SAU
Rect-215011PA=1147 79	38	2.999,99	220210035247	B28016970	SOCIEDAD ESPAÑOLA DE RADIODIFUSION SL
P21 008164	38	2.619,65	220210034879	A15000649	LA VOZ DE GALICIA SA
P21 008163	38	2.619,65	220210034880	A15000649	LA VOZ DE GALICIA SA
P21 007205	38	2.904,00	220210034886	A15000649	LA VOZ DE GALICIA SA
P 103171	38	1.179,75	220210035320	A15000391	EDITORIAL COMPOSTELA SA
04 69	38	4.798,20	220210034894	B15363831	FREIRE CHICO SL
P21 252	38	423,50	220210035318	A70301510	SERMOS GALIZA SA
0089	38	441,65	220210036211	B94074390	NOS TELEVISION SL
23721	38	6.050,00	220210034903	B36527315	ERNIE PRODUCCIONES SL
FCR 8838	38	106,89	220210034904	B15026339	JAIME Y RAMON OTERO CARITON SL
5921 91	38	242,00	220210034906	33261226Y	MARIA DOLORES FERNANDEZ IGLESIAS
2021 122	38	178,75	220210036275	B70600259	ALBARIN ALON SLU
P 103469	38	2.904,00	220210036212	A15000391	EDITORIAL COMPOSTELA SA
P 103470	38	786,50	220210035365	A15000391	EDITORIAL COMPOSTELA SA
2021 917	38	847,00	220210035064	B86509254	DIARIO DE PRENSA DIGITAL SL
2021 916	38	847,00	220210035065	B86509254	DIARIO DE PRENSA DIGITAL SL
Emit- 21313	38	726,00	220210035066	A15575574	ATLANTICA DE INFORMACION E COMUNICACION DE GALICIA SA
Emit- 886	45	380,00	220210036399	A35577873	RENTA GRUPO EDITORIAL SA
P21 001700	38	1.500,00	220210035069	B15054414	VOZ DE GALICIA RADIO SLU
P21 001699	38	1.000,00	220210035070	B15054414	VOZ DE GALICIA RADIO SLU
21 168	38	1.577,84	220210035071	B70271630	XURIMARU SERVICIOS DE COMUNICACION 2010 SL
F- 1172	38	423,50	220210036287	J15967177	EKINOCIO COMUNICACION SC
215011PA01544 16	38	3.630,00	220210035356	B28016970	SOCIEDAD ESPAÑOLA DE RADIODIFUSION SL
22/2021	38	3.448,50	220210035107	33274934Y	EMILIO CLEMENTE GONZALEZ
23/2021	38	3.448,50	220210035108	33274934Y	EMILIO CLEMENTE GONZALEZ
24/2021	38	3.448,50	220210035109	33274934Y	EMILIO CLEMENTE GONZALEZ
A 02100439	44	1.074,60	220210036227	A33234717	GRUPO MEANA SA

Documento	CX	Importe	Nº Operación	Terceiro	Nome Terceiro
FCR 9647	38	59,09	220210036219	B15026339	JAIME Y RAMON OTERO CARITON SL
A 151	38	1.616,08	220210035224	B15354277	ANA TREVISANI SL
202115996-N	45	188,68	220210035813	E87599742	REGISTRO MERCANTIL CENTRAL CB
0420200543	38	999,94	220210036288	A28281368	RADIO POPULAR SA COPE
21-A 14523	26	4.908,75	220210035131	B15259765	SISTEMAS DE SEGURIDADE A-1 SL
Emit- 18	38	3.210,00	220210035339	B15998743	JAEL JOYERIA SL
A00365 2021	38	290,40	220210036276	B70100797	AUDIOVISUALES MCN SL
A00366 2021	38	544,50	220210036289	B70100797	AUDIOVISUALES MCN SL
65532341	44	1.355,20	220210035765	B82080177	RICOH ESPAÑA SLU
F 210234	38	1.011,56	220210036290	B70604137	ENFOQUES INFORMATICOS EDITORIAL SL
53/21	38	1.452,00	220210036291	33297058G	MONICA SEOANE CASTROMIL
1-02163526	45	6,70	220210035812	B15361348	SOLITIUM NOROESTE SL
2021 108	38	762,30	220210036362	B94074390	NOS TELEVISION SL
10204/21/015	26	450,00	220210036339	R1500020A	ARZOBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
75 97	38	242,00	220210036450	33261226Y	MARIA DOLORES FERNANDEZ IGLESIAS
0420200729	38	999,94	220210036460	A28281368	RADIO POPULAR SA COPE
21 190	38	1.997,71	220210036461	B70271630	XURIMARU SERVICIOS DE COMUNICACION 2010 SL
215011PA01551 27	38	2.999,95	220210036462	B28016970	SOCIEDAD ESPAÑOLA DE RADIODIFUSION SL
Emit- 82	38	882,09	220210036451	B27803600	CIENCIA GALEGA INDUSTRIAS CREATIVAS SL
0398/2021	38	114,95	220210036446	44841282E	REBECA MUNIN OLIVEIRA
W 0100339	38	1.089,00	220210036463	A15000391	EDITORIAL COMPOSTELA SA
P21 001913	38	1.000,00	220210036464	B15054414	VOZ DE GALICIA RADIO SLU
2021 10211056	38	1.210,00	220210036472	B86509254	DIARIO DE PRENSA DIGITAL SL
5607874566	22	23.927,81	220210036566	U86729720	UTE FERROVIAL SERVICIOS SA Y FERROSER SERVICIOS AUXILIARES SA
5607874563	22	1.429,71	220210036567	U86729720	UTE FERROVIAL SERVICIOS SA Y FERROSER SERVICIOS AUXILIARES SA
5607874562	22	1.855,33	220210036568	U86729720	UTE FERROVIAL SERVICIOS SA Y FERROSER SERVICIOS AUXILIARES SA
P22 001	38	1.028,50	220210036455	A70301510	SERMOS GALIZA SA
G 212992	38	454,58	220210036474	B15015985	AUTOS BREA SL
Emit- 1	38	1.227,00	220210036458	B70188099	INFINITA EVENTOS Y VIAJES SL

Documento	CX	Importe	Nº Operación	Terceiro	Nome Terceiro
6065	38	66,00		33301382G	SANTIAGO CODESO SUAREZ
I21 001471	38	2.904,06		A15000649	LA VOZ DE GALICIA SA
Rect-215011PA01553 26	38	12.100,00		B28016970	SOCIEDAD ESPAÑOLA DE RADIODIFUSION SL
52/21	38	2.420,00		33297058G	MONICA SEOANE CASTROMIL
A 49	38	287,49		B70469440	SOMOS ABASTOS SL
21E 00040	38	1.223,43		B15274459	TOLDOS GOMEZ SL
FF- 49977	38	76,30		B15521990	BODEGUILLA DE SAN LAZARO SL
3345521691	37	62,52		A50001726	SCHINDLER SA
3345521692	37	62,52		A50001726	SCHINDLER SA
3345521693	37	62,52		A50001726	SCHINDLER SA
Emit21E- 26	38	181,50		B70546171	COMPOSTELA24HORAS SL
Emit21E- 27	38	181,50		B70546171	COMPOSTELA24HORAS SL
843714724	44	64,86		B82080177	RICOH ESPAÑA SLU
Emit- 210	37	332,24		B70290432	LA TECLA SANTIAGO SL

154.438,32

A proposta de aplicación é a seguinte:

DENOMINACIÓN	CAP.	APLICACIÓN	PROXECTO	CX	TIPO MC	IMPORTE
OPAS (2021 010 43200 2030000)	2	010 43200 2030099		38	CE	999,08
OPAS (2021 010 43200 2260200)	2	010 43200 2260299		38	CE	35.621,84
OPAS (2021 010 43200 2269900)	2	010 43200 2269999		38	CE	13.464,61
OPAS (2021 010 43200 2270600)	2	010 43200 2270699		38	CE	423,50
OPAS (2021 010 91201 2260100)	2	010 91201 2260199		38	CE	3.639,79
OPAS (2021 010 91201 2260200)	2	010 91201 2260299		38	CE	44.482,77
OPAS (2021 010 92501 2200100)	2	010 92501 2200199		38	CE	362,40
OPAS (2021 010 92501 2270600)	2	010 92501 2270699		38	CE	13.624,60
OPAS (2021 030 92000 2120000)	2	030 92000 2120099		37	CE	187,56
OPAS (2021 030 92000 2160000)	2	030 92000 2160099		37	CE	332,24
OPAS (2021 030 92001 2160000)	2	030 92001 2160099		44	CE	64,86
OPAS (2021 030 92001 2279900)	2	030 92001 2279999		44	CE	2.429,80
OPAS (2021 030 93100 2160000)	2	030 93100 2160099		45	CE	6,70
OPAS (2021 030 93100 2200100)	2	030 93100 2200199		45	CE	760,00
OPAS (2021 030 93200 2269900)	2	030 93200 2269999		45	CE	188,68
OPAS (2021 040 33403 2020000)	2	040 33403 2020099		26	CE	450,00
OPAS (2021 040 33403 2270100)	2	040 33403 2270199		26	CE	4.908,75
OPAS (2021 070 92501 2269900)	2	070 92501 2269999		38	CE	4.989,23
OPAS (2021 080 32300 2130000)	2	080 32300 2130099		22	CE	289,06
OPAS (2021 080 32300 2270000)	2	080 32300 2270099		22	CE	23.927,81
OPAS (2021 080 32300 2270101)	2	080 32300 2270199		22	CE	3.285,04
GASTO TOTAL CAPÍTULO 2						154.438,32
TOTAL OPAS (413) INCLUÍDAS NO EXPEDIENTE 2022-CREXT-12						154.438,32
FINANCIAMENTO RLT para GX DO EXERCICIO 2021 - APLICACIÓN 87000						

Polo tanto é necesario habilitar crédito a través dun expediente modificativo de crédito, crédito extraordinario, por unha contía de **154.438,32 euros** para dar cobertura a unha

parte do saldo actual de obrigas pendentes de aplicar ao orzamento a 31/12/2021 (facturas en situación de OPA contabilizadas na conta 413).

V. FINANCIAMENTO DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA.

O artigo 36 do RD 500/1990, de 20 de abril, establece que os créditos extraordinarios e suplementos de crédito poden financiarse indistintamente con algúns dos seguintes recursos:

- a) Por conta do remanente líquido de tesourería calculado consonte os artigos 101 a 104.
- b) Por conta de novos ou maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos nalgún concepto do orzamento corrente.
- c) Mediante anulacións ou baixas de crédito doutras aplicacións do orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo.

No caso deste expediente de crédito extraordinario financíase coa aplicación dunha parte do saldo do RLTGX 2021.

VI. PROPOSTA DE LEVANTAMENTO DE REPARO PARA A CONTINUACIÓN, NO SEU CASO, DO PROCEDEMENTO DE APROBACIÓN DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO.

No trámite da fiscalización previa das propostas de aprobación dos gastos correspondentes as facturas que se relacionan no cadro seguinte, o órgano de fiscalización emitiu informe de reparo de competencia plenaria.

As concellarías competentes de cada área emitiron os informes xustificativos para que o Pleno, no seu caso, aprobe o levantamento de reparo e continuación do procedemento de aprobación destes gastos.

A nivel informativa achégase o detalle das facturas que se encontran nesta situación, se ben a listaxe mais detallada relacionase como anexo II dentro da documentación que forma parte do expediente a tramitar.

Documento	CX	Importe	Terceiro	Nome Ter.	Texto Libre	Nº informe reparo
5607874566	22	23.927,81	U86729720	UTE FERROVIAL SERVICIOS SA Y FERROSER SERVICIOS AUXILIARES SA	SERVIZO LIMPEZA EXTRAORD. COVID-19 CEIPS CONCELLO SANTIAGO DECEMBRO 2021 - F/2022/203 10-XAN	465/2022
5607874563	22	1.429,71	U86729720	UTE FERROVIAL SERVICIOS SA Y FERROSER SERVICIOS AUXILIARES SA	SERVIZO LIMPEZA NOVAS INSTALAC. CEIP LAMAS DE ABADE DECEMBRO 2021 - F/2022/206 10-XAN	465/2022
5607874562	22	1.855,33	U86729720	UTE FERROVIAL SERVICIOS SA Y FERROSER SERVICIOS AUXILIARES SA	SERVIZO CONSERXARIA E CONTROL NOVAS INSTALACIÓNS CEIP LAMAS DE ABAD DECEMBRO 2021 - F/2022/208 10- XAN	465/2022

27.212,85

VII. PROPOSTA DE APROBACIÓN DOS GASTOS REXISTRADOS A 31.12.2021 NA CONTA 413 CORRESPONDENTES A ACREDORES PENDENTES DE IMPUTAR AO ORZAMENTO. RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.

Por definición os gastos rexistrados na conta 413 responden a actuacións efectivamente realizadas ao longo do ano 2021, ou bens e servizos recibidos no mesmo período, respecto dos que non se produciu a súa aplicación ao orzamento correspondente por diversos motivos sinalados nos informes de Intervención e cuxa documentación orixinal se encontra a disposición das persoas membros do Pleno nas oficinas onde se sitúa a intervención municipal xunto coas propias facturas ou documentos xustificativos e demais documentación que forman os respectivos expedientes de tramitación de gasto.

Case a totalidade do saldo de obrigas pendentes de imputación orzamentaria que se incorporan neste expediente modificativo de crédito corresponden a prestacións efectivamente realizadas e recibidas ao longo do ano 2021, nos termos das actas de conformidade remitidas polos centros xestores responsables de cada actuación, cuxa aprobación, e conseguinte rexistro no estado de gastos do orzamento municipal, se propón neste intre a través do correspondente recoñecemento extrajudicial polo importe de 154.438,32 euros.

Sen prexuízo da análise que no seu caso se faga da orixe da falta de imputación orzamentaria, resulta que unha serie de persoas físicas e xurídicas presentaron no Concello facturas e documentos xustificativos de gastos devengados no ano 2021, efectivamente recibidos nos termos dos conformes que se achegan ao expediente, que cómpre aprobar previamente ao pagamento para evitar incorrer nun suposto de enriquecemento inxusto da propia Administración. O cáeche procedemental especificamente habilitado para estes efectos é o recoñecemento extrajudicial de créditos.

Os principios de anualidade orzamentaria e de temporalidade dos créditos determinan que por conta do estado de gastos do orzamento só poden contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario. Sen obviar a importancia de cumprir esta premisa, a xestión de determinados tipos de gasto vese afectada por factores de difícil predición e mesmo por discordancias temporais entre a execución material das prestacións, a recepción dos documentos xustificativos, o seu vencemento e a tramitación do procedemento administrativo tendente ao recoñecemento das correspondentes obrigas, que explican que contén cunha serie de excepcións regradas nos artigos 26.2 e 60.2 do RD 500/1990, de 20 de abril, alusivos ás obrigas procedentes de exercicios anteriores imputadas ao orzamento en curso a través do recoñecemento extrajudicial de créditos.

Achégase formando parte deste expediente, un anexo nº I coa relación das facturas en situación de OPA que precisan da toma dun acordo de Recoñecemento Extrajudicial de Créditos para a súa aprobación por importe total de **154.438,32 euros**, das cales a súa totalidade tamén precisan de habilitación de crédito, sendo necesario aprobar unha indemnización substitutiva a favor dos terceiros que figuran na referida relación polos importes correspondentes a cada un deles derivados das prestacións efectuadas a esta Administración municipal e documentadas nos xustificantes de gasto emitidos, con imputación ás aplicacións orzamentarias cuxa habilitación se propón.

Por definición os gastos rexistrados na conta 413 responden a actuacións efectivamente realizadas ao longo do ano 2021, ou bens e servizos recibidos no mesmo período, respecto dos que non se produciu a súa aplicación ao orzamento correspondente por diversos motivos sinalados nos informes de Intervención e cuxa documentación orixinal se encontra a disposición das persoas membros do Pleno nas oficinas onde se sitúa a intervención municipal xunto coas propias facturas ou documentos xustificativos e demais documentación que forman os respectivos expedientes de tramitación de gasto.

Case a totalidade do saldo de obrigas pendentes de imputación orzamentaria que se incorporan neste expediente modificativo de crédito corresponden a prestacións efectivamente realizadas e recibidas ao longo do ano 2021, nos termos das actas de conformidade remitidas polos centros xestores responsables de cada actuación, cuxa aprobación, e conseguinte rexistro no estado de gastos do orzamento municipal, se propón neste intre a través do correspondente recoñecemento extraxudicial polo importe de 154.438,32 euros.

Sen prexuízo da análise que no seu caso se faga da orixe da falta de imputación orzamentaria, resulta que unha serie de persoas físicas e xurídicas presentaron no Concello facturas e documentos xustificativos de gastos devengados no ano 2021, efectivamente recibidos nos termos dos conformes que se achegan ao expediente, que cómpre aprobar previamente ao pagamento para evitar incorrer nun suposto de enriquecemento inxusto da propia Administración. O cáeehe procedemental especificamente habilitado para estes efectos é o recoñecemento extraxudicial de créditos.

Os principios de anualidade orzamentaria e de temporalidade dos créditos determinan que por conta do estado de gastos do orzamento só poden contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario. Sen obviar a importancia de cumprir esta premisa, a xestión de determinados tipos de gasto vese afectada por factores de difícil predición e mesmo por discordancias temporais entre a execución material das prestacións, a recepción dos documentos xustificativos, o seu vencemento e a tramitación do procedemento administrativo tendente ao recoñecemento das correspondentes obrigas, que explican que contén cunha serie de excepcións regradas nos artigos 26.2 e 60.2 do RD 500/1990, de 20 de abril, alusivos ás obrigas procedentes de exercicios anteriores imputadas ao orzamento en curso a través do recoñecemento extraxudicial de créditos.

Achégase formando parte deste expediente, un anexo nº I coa relación das facturas en situación de OPA que precisan da toma dun acordo de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos para a súa aprobación por importe total de **154.438,32 euros**, das cales a súa totalidade tamén precisan de habilitación de crédito, sendo necesario aprobar unha indemnización substitutiva a favor dos terceiros que figuran na referida relación polos importes correspondentes a cada un deles derivados das prestacións efectuadas a esta Administración municipal e documentadas nos xustificantes de gasto emitidos, con imputación ás aplicacións orzamentarias cuxa habilitación se propón.

VIII. ACTUALIZACIÓN DA RESERVA DUNHA PARTE DO IMPORTE DO RLTXG 2021 PARA ATENDER O SALDO DE OPAS E OS PAGAMENTOS DOMICILIADOS NAS CONTAS BANCARIAS MUNICIPAIS PROCEDENTES DO GASTO EN COMBUSTIBLE E PEAXES.

Considerando o importe polo cal é preciso habilitar crédito neste expediente que se presenta, para continuar coa tramitación das restantes facturas e xustificantes de gasto pendentes de aplicar ao orzamento que se financian con RLTGX 2021, propónse dispor de 154.438,32 euros do saldo actual de 1.971.282,71 euros reflectidos no acordo orixinal de reserva do saldo restante do RLTGX 2021 tomado no expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-03 minorado pola disposición deste saldo acordado coa tramitación do expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-07 de importe 1.362.427,86 euros e polo importe incorporado na proposta de acordo plenario de crédito extraordinario 2022-CREXT-11 de importe 603.436,46 euros.

Considerando o exposto anteriormente, o importe do saldo prioritario, unha vez aprobado este expediente, sería de 1.816.844,39 euros, co seguinte detalle:

Reserva prioritaria orixinal do RLTGX 2021 para saldar OPAS sen crédito	RLTGX 2021	3.826.856,24	2022-CREXT-03
Reserva prioritaria orixinal do RLTGX 2021 para pagamentos domiciliados en conta	RLTGX 2021	110.290,79	2022-CREXT-03
Suma de importes da reserva prioritaria orixinal de aplicación do RLT para GX do 2021		3.937.147,03	2022-CREXT-03
Disposición de reserva prioritaria orixinal do RLTGX para OPAS	RLTGX 2021	1.362.427,86	2022-CREXT-07
Disposición de reserva prioritaria orixinal do RLTGX para OPAS	RLTGX 2021	603.436,46	2022-CREXT-11
Disposición de reserva prioritaria orixinal do RLTGX para OPAS	RLTGX 2021	154.438,32	2022-CREXT-12
Saldo pendente da reserva prioritaria de aplicación do RLT para GX do 2021		1.816.844,39	2022-CREXT-12

De conformidade co establecido nas bases 12ª, 13ª e 30ª das Bases de execución do Orzamento Municipal do exercicio 2022, nos artigos 177 e ss. do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e os artigos 34, 35, 36, 37, 38 e 60.2 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, e demais disposicións vixentes na materia.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse ao Pleno, que adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO: Dispor de **CENTO CINCUENTA E CATRO MIL CATROCENTOS TRINTA E OITO EUROS, CON TRINTA E DOUS CÉNTIMOS DE EURO (154.438,32 EUROS)** do saldo reservado na actualidade do RLTGX 2021 por importe de **UN MILLÓN NOVECIENTOS SETENTA E UN MIL DOUSCENTOS OITENTA E DOUS EUROS, CON SETENTA E UN CÉNTIMOS DE EURO (1.971.282,71 EUROS)** cuxo acordo se tomou ao abeiro do expediente 2022-CREXT-03 para atender o saldo restante de OPAS que permita a cancelación da totalidade da conta 413 e o importe daqueles cargos domiciliados nas contas bancarias municipais realizadas no ano 2021 que se corresponden con domiciliacións de gastos de combustible e peaxes, importe que xa foi minorado con motivo da aprobación do expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-07 nun importe de 1.362.427,86 euros e pola proposta de acordo plenario de crédito extraordinario 2022-CREXT-11 de importe 603.436,46 euros.

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario nº 2022-CREXT-12 para atender as obrigas pendentes de aplicar ao orzamento do exercicio 2021 correspondentes ao Concello de Santiago de Compostela, por importe de **CENTO CINCUENTA E CATRO MIL CATROCENTOS TRINTA E OITO EUROS, CON TRINTA E DOUS CÉNTIMOS DE EURO (154.438,32 EUROS)** financiado na súa totalidade con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2021.

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

1.- Habilitación de crédito extraordinario por un importe de **154.438,32 euros** para atender unha parte das obrigas pendentes de aplicar ao orzamento a 31/12/2021 (facturas en situación de OPA contabilizadas na conta 413) financiado con RLT para GX do exercicio 2021, co seguinte detalle:

DENOMINACIÓN	CAP.	APLICACIÓN	PROXECTO	CX	TIPO MC	IMPORTE
OPAS (2021 010 43200 2030000)	2	010 43200 2030099		38	CE	999,08
OPAS (2021 010 43200 2260200)	2	010 43200 2260299		38	CE	35.621,84
OPAS (2021 010 43200 2269900)	2	010 43200 2269999		38	CE	13.464,61
OPAS (2021 010 43200 2270600)	2	010 43200 2270699		38	CE	423,50
OPAS (2021 010 91201 2260100)	2	010 91201 2260199		38	CE	3.639,79
OPAS (2021 010 91201 2260200)	2	010 91201 2260299		38	CE	44.482,77
OPAS (2021 010 92501 2200100)	2	010 92501 2200199		38	CE	362,40
OPAS (2021 010 92501 2270600)	2	010 92501 2270699		38	CE	13.624,60
OPAS (2021 030 92000 2120000)	2	030 92000 2120099		37	CE	187,56
OPAS (2021 030 92000 2160000)	2	030 92000 2160099		37	CE	332,24
OPAS (2021 030 92001 2160000)	2	030 92001 2160099		44	CE	64,86
OPAS (2021 030 92001 2279900)	2	030 92001 2279999		44	CE	2.429,80
OPAS (2021 030 93100 2160000)	2	030 93100 2160099		45	CE	6,70
OPAS (2021 030 93100 2200100)	2	030 93100 2200199		45	CE	760,00
OPAS (2021 030 93200 2269900)	2	030 93200 2269999		45	CE	188,68
OPAS (2021 040 33403 2020000)	2	040 33403 2020099		26	CE	450,00
OPAS (2021 040 33403 2270100)	2	040 33403 2270199		26	CE	4.908,75
OPAS (2021 070 92501 2269900)	2	070 92501 2269999		38	CE	4.989,23
OPAS (2021 080 32300 2130000)	2	080 32300 2130099		22	CE	289,06
OPAS (2021 080 32300 2270000)	2	080 32300 2270099		22	CE	23.927,81
OPAS (2021 080 32300 2270101)	2	080 32300 2270199		22	CE	3.285,04
GASTO TOTAL CAPÍTULO 2						154.438,32
TOTAL OPAS (413) INCLUÍDAS NO EXPEDIENTE 2022-CREXT-12						154.438,32
FINANCIAMENTO RLT para GX DO EXERCICIO 2021 - APLICACIÓN 87000						

B) Financiamento:

2.c).- Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais: **154.438,32 €**

C) Resumo do expediente modificativo de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario.....	154.438,32 €
2.- Financiamento	
c) Remanente de tesourería para gastos xerais	154.438,32 €

TERCEIRO: Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario nº 2022-CREXT-12 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se exporá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

CUARTO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario nº 2022-CREXT-12, se contra el non se formulase algunha reclamación, procedéndose á publicación do resumo por capítulos do orzamento

municipal coa modificación aprobada no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

QUINTO: Igualmente, seranlle aplicables a este expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-12 as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos contra os orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 23 do RD 500/1990 e 171 do TRLRFL.

SEXTO: Levantamento do reparo e continuación do procedemento de aprobación do recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas que se relacionan de seguido, condicionando a eficacia deste acordo á entrada en vigor do expediente de modificación orzamentaria por crédito extraordinario nº 2022-CREXT-12:

Documento	CX	Importe	Terceiro	Nome Ter.	Texto Libre	Nº informe reparo
5607874566	22	23.927,81	U86729720	UTE FERROVIAL SERVICIOS SA Y FERROSER SERVICIOS AUXILIARES SA	SERVIZO LIMPEZA EXTRAORD. COVID-19 CEIPS CONCELLO SANTIAGO DECEMBRO 2021 - F/2022/203 10-XAN	465/2022
5607874563	22	1.429,71	U86729720	UTE FERROVIAL SERVICIOS SA Y FERROSER SERVICIOS AUXILIARES SA	SERVIZO LIMPEZA NOVAS INSTALAC. CEIP LAMAS DE ABADE DECEMBRO 2021 - F/2022/206 10-XAN	465/2022
5607874562	22	1.855,33	U86729720	UTE FERROVIAL SERVICIOS SA Y FERROSER SERVICIOS AUXILIARES SA	SERVIZO CONSERXARIA E CONTROL NOVAS INSTALACIÓNS CEIP LAMAS DE ABAD DECEMBRO 2021 - F/2022/208 10- XAN	465/2022

27.212,85

SÉTIMO: Recoñecer extraxudicialmente das obrigas derivadas da aprobación das facturas recollidas no listado anexo nº I que forma parte deste expediente reflectidas na conta 413 a 31.12.2021 por importe total de 154.438,32 euros e aprobar unha indemnización substitutiva a favor dos terceiros que figuran na referida relación polos importes correspondentes a cada un deles derivados das prestacións efectuadas a esta Administración municipal e documentadas nos xustificantes de gasto emitidos, con imputación ás aplicacións orzamentarias cuxa habilitación se propón, condicionando a eficacia deste acordo á entrada en vigor do expediente de modificación orzamentaria por crédito extraordinario nº 2022-CREXT-12.

OITAVO: Actualizar o importe da reserva dunha parte do saldo actual do RLTXG 2021 para atender o saldo restante de OPAS que permita a cancelación da totalidade da conta 413 e o importe daqueles cargos domiciliados nas contas bancarias municipais realizadas no ano 2021 que se corresponden con domiciliacións de gastos de combustible e peaxes determinándose en **UN MILLÓN OITOCENTOS DEZASEIS MIL OITOCENTOS CORENTA E CATRO EUROS, CON TRINTA E NOVE CÉNTIMOS (1.816.844,39 EUROS).**”

Á vista da proposta transcrita e demais documentación que figura no expediente, o Pleno da Corporación por 9 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE e 14 abstencións correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (7 PP, 5 CA e 2 BNG), acorda:

PRIMEIRO: Dispor de CENTO CINCUENTA E CATRO MIL CATROCENTOS TRINTA E OITO EUROS, CON TRINTA E DOUS CÉNTIMOS DE EURO (154.438,32 EUROS) do saldo reservado na actualidade do RLTGX 2021 por importe de UN MILLÓN NOVECIENTOS SETENTA E UN MIL DOUSCENTOS OITENTA E DOUS EUROS, CON SETENTA E UN CÉNTIMOS DE EURO (1.971.282,71 EUROS) cuxo acordo se tomou ao abeiro do expediente 2022-CREXT-03 para atender o saldo restante de OPAS que permita a cancelación da totalidade da conta 413 e o importe daqueles cargos domiciliados nas contas bancarias municipais realizadas no ano 2021 que se corresponden con domiciliacións de gastos de combustible e peaxes, importe que xa foi minorado con motivo da aprobación do expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-07 nun importe de 1.362.427,86 euros e pola proposta de acordo plenario de crédito extraordinario 2022-CREXT-11 de importe 603.436,46 euros.

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario nº 2022-CREXT-12 para atender as obrigas pendentes de aplicar ao orzamento do exercicio 2021 correspondentes ao Concello de Santiago de Compostela, por importe de CENTO CINCUENTA E CATRO MIL CATROCENTOS TRINTA E OITO EUROS, CON TRINTA E DOUS CÉNTIMOS DE EURO (154.438,32 EUROS) financiado na súa totalidade con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2021.

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) HABILITACIÓN DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

1.- HABILITACIÓN de crédito extraordinario por un importe de 154.438,32 euros para atender unha parte das obrigas pendentes de aplicar ao orzamento a 31/12/2021 (facturas en situación de OPA contabilizadas na conta 413) financiado con RLT para GX do exercicio 2021, co seguinte detalle:

DENOMINACIÓN	CAP.	APLICACIÓN	PROXECTO	CX	TIPO MC	IMPORTE
OPAS (2021 010 43200 2030000)	2	010 43200 2030099		38	CE	999,08
OPAS (2021 010 43200 2260200)	2	010 43200 2260299		38	CE	35.621,84
OPAS (2021 010 43200 2269900)	2	010 43200 2269999		38	CE	13.464,61
OPAS (2021 010 43200 2270600)	2	010 43200 2270699		38	CE	423,50
OPAS (2021 010 91201 2260100)	2	010 91201 2260199		38	CE	3.639,79
OPAS (2021 010 91201 2260200)	2	010 91201 2260299		38	CE	44.482,77
OPAS (2021 010 92501 2200100)	2	010 92501 2200199		38	CE	362,40
OPAS (2021 010 92501 2270600)	2	010 92501 2270699		38	CE	13.624,60
OPAS (2021 030 92000 2120000)	2	030 92000 2120099		37	CE	187,56
OPAS (2021 030 92000 2160000)	2	030 92000 2160099		37	CE	332,24
OPAS (2021 030 92001 2160000)	2	030 92001 2160099		44	CE	64,86
OPAS (2021 030 92001 2279900)	2	030 92001 2279999		44	CE	2.429,80
OPAS (2021 030 93100 2160000)	2	030 93100 2160099		45	CE	6,70
OPAS (2021 030 93100 2200100)	2	030 93100 2200199		45	CE	760,00
OPAS (2021 030 93200 2269900)	2	030 93200 2269999		45	CE	188,68
OPAS (2021 040 33403 2020000)	2	040 33403 2020099		26	CE	450,00
OPAS (2021 040 33403 2270100)	2	040 33403 2270199		26	CE	4.908,75
OPAS (2021 070 92501 2269900)	2	070 92501 2269999		38	CE	4.989,23
OPAS (2021 080 32300 2130000)	2	080 32300 2130099		22	CE	289,06
OPAS (2021 080 32300 2270000)	2	080 32300 2270099		22	CE	23.927,81
OPAS (2021 080 32300 2270101)	2	080 32300 2270199		22	CE	3.285,04
GASTO TOTAL CAPÍTULO 2						154.438,32

DENOMINACIÓN	CAP.	APLICACIÓN	PROXECTO	CX	TIPO MC	IMPORTE
TOTAL OPAS (413) INCLUÍDAS NO EXPEDIENTE 2022-CREXT-12						154.438,32
FINANCIAMENTO RLT para GX DO EXERCICIO 2021 - APLICACIÓN 87000						

B) Financiamento:

2.c).- Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais: **154.438,32 €**

C) Resumo do expediente modificativo de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario.....	154.438,32 €
2.- Financiamento	
c) Remanente de tesourería para gastos xerais	154.438,32 €

TERCEIRO: Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario nº 2022-CREXT-12 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se exporá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

CUARTO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario nº 2022-CREXT-12, se contra el non se formulase algunha reclamación, procedéndose á publicación do resumo por capítulos do orzamento municipal coa modificación aprobada no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

QUINTO: Igualmente, seranlle aplicables a este expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-12 as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos contra os orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 23 do RD 500/1990 e 171 do TRLRFL.

SEXTO: Levantamento do reparo e continuación do procedemento de aprobación do recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas que se relacionan de seguido, condicionando a eficacia deste acordo á entrada en vigor do expediente de modificación orzamentaria por crédito extraordinario nº 2022-CREXT-12:

Documento	CX	Importe	Terceiro	Nome Ter.	Texto Libre	Nº informe reparo
5607874566	22	23.927,81	U86729720	UTE FERROVIAL SERVICIOS SA Y FERROSER SERVICIOS AUXILIARES SA	SERVIZO LIMPEZA EXTRAORD. COVID-19 CEIPS CONCELLO SANTIAGO DECEMBRO 2021 - F/2022/203 10-XAN	465/2022
5607874563	22	1.429,71	U86729720	UTE FERROVIAL SERVICIOS SA Y FERROSER SERVICIOS AUXILIARES SA	SERVIZO LIMPEZA NOVAS INSTALAC. CEIP LAMAS DE ABADE DECEMBRO 2021 - F/2022/206 10-XAN	465/2022

Documento	CX	Importe	Terceiro	Nome Ter.	Texto Libre	Nº informe reparo
5607874562	22	1.855,33	U86729720	UTE FERROVIAL SERVICIOS SA Y FERROSER SERVICIOS AUXILIARES SA	SERVIZO CONSERXARIA E CONTROL NOVAS INSTALACIÓNS CEIP LAMAS DE ABADE DECEMBRO 2021 - F/2022/208 10- XAN	465/2022

27.212,85

SÉTIMO: Recoñecer extraxudicialmente das obrigas derivadas da aprobación das facturas recollidas no listado anexo nº I que forma parte deste expediente reflectidas na conta 413 a 31.12.2021 por importe total de 154.438,32 euros e aprobar unha indemnización substitutiva a favor dos terceiros que figuran na referida relación polos importes correspondentes a cada un deles derivados das prestacións efectuadas a esta Administración municipal e documentadas nos xustificantes de gasto emitidos, con imputación ás aplicacións orzamentarias cuxa habilitación se propón, condicionando a eficacia deste acordo á entrada en vigor do expediente de modificación orzamentaria por crédito extraordinario nº 2022-CREXT-12.

OITAVO: Actualizar o importe da reserva dunha parte do saldo actual do RLTXG 2021 para atender o saldo restante de OPAS que permita a cancelación da totalidade da conta 413 e o importe daqueles cargos domiciliados nas contas bancarias municipais realizadas no ano 2021 que se corresponden con domiciliacións de gastos de combustible e peaxes determinándose en UN MILLÓN OITOCENTOS DEZASEIS MIL OITOCENTOS CORENTA E CATRO EUROS, CON TRINTA E NOVE CÉNTIMOS (1.816.844,39 EUROS).

2. ALCALDÍA. Referencia: Honras 1/2022.

PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA O OUTORGAMENTO DE TÍTULOS, HONRAS E DISTINCIÓNS.

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

Único. O Consello Asesor de Condecoracións, na súa sesión do 22 de xuño de 2022, ditaminou favorablemente as seguintes propostas:

1. Denominar ao campo de fútbol de Villestro como “Campo de fútbol municipal Suso Conde”.

2. Aprobar o nomeamento de rúas e espazos públicos do concello cos seguintes nomes:

- José Carro Otero.
- Manuel Quintáns.
- María Jesús Reboredo.
- Luz Fandiño.
- Janusz Korczak.
- Pilar Pereira.
- Ezequiel Méndez Vidal.

3. Nomear Fillos adoptivos a don Emilio Lavandeira Prieto e a don Ubaldo Rueda Soto.

CONSIDERACIÓNS

1. O artigo 5 do Regulamento de títulos, honras e condecoracións do Concello de Santiago de Compostela regula o outorgamento dos títulos de Fillo ou filla predilectos e adoptivos, dispoñendo que se outorgarán ás persoas *“que destacasen polos seus méritos ou calidades persoais, especialmente nos ámbitos cultural, científico, social, artístico, deportivo, político ou económico, ou por servizos prestados en beneficio da cidade”*, nadas no Concello de Santiago de Compostela ou cuxa vida transcorrese maioritariamente no municipio, no caso dos Fillos predilectos, ou que sen naceren no municipio manteñan vínculos persoais con el, no caso dos Fillos adoptivos.

2. O nomeamento de rúas contéplase no artigo 9 do Regulamento de títulos, honras e condecoracións do Concello de Santiago de Compostela, que dispón: *“correspóndelle ao Pleno da Corporación, por maioría absoluta do número legal dos seus membros e logo do ditame do Consello Asesor de Condecoracións, outorgar a vías municipais ou establecementos, centros ou instalacións do Concello de Santiago de Compostela o nome de persoas físicas, organismos, institucións e entidades que, a xuízo da Corporación, reúnan méritos suficientes, sexa por servizos e actividades especiais realizados a favor da cidade no caso de organismos, institucións ou entidades, ou pola súa relevancia indiscutible no ámbito científico, cultural, artístico, deportivo, social etc, no caso de persoas físicas”*.

3. O apartado 8 do artigo 10 do Regulamento de títulos, honras e condecoracións sinala que a proposta, logo do ditame do Consello Asesor, elevarase ao Alcalde, quen a someterá a aprobación do Pleno.

A proposta require para a súa aprobación do voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse ao Pleno, que adopte os seguintes acordos:

Primeiro. Denominar ao campo de fútbol de Vilvestro como “Campo de fútbol municipal Suso Conde”.

Segundo. Aprobado o nomeamento de rúas e espazos públicos do concello cos seguintes nomes:

José Carro Otero.
Manuel Quintáns.
María Jesús Reboredo.
Luz Fandiño.
Janusz Korczak.
Pilar Pereira.
Ezequiel Méndez Vidal.

Terceiro. Nomear Fillos adoptivos do Concello de Santiago de Compostela a don Emilio Lavandeira Prieto e a don Ubaldo Rueda Soto.”

O Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, polo tanto co quórum da maioría absoluta do número legal dos membros da Corporación, acorda:

Primeiro: Denominar ao campo de fútbol de Vilvestro como “Campo de fútbol municipal Suso Conde”.

Segundo: Aprobar o nomeamento de rúas e espazos públicos do concello cos seguintes nomes:

José Carro Otero.
Manuel Quintáns.
María Jesús Reboredo.
Luz Fandiño.
Janusz Korczak.
Pilar Pereira.
Ezequiel Méndez Vidal.

Terceiro: Nomear Fillos adoptivos do Concello de Santiago de Compostela a don Emilio Lavandeira Prieto e a don Ubaldo Rueda Soto.

4. DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE A AXENCIA ESTATAL DE SUPERVISIÓN DA INTELIXENCIA ARTIFICIAL.

O Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, aproba a seguinte declaración institucional asinada polos portavoces dos catro grupos políticos municipais:

O Goberno de España, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, vén realizando un decidido impulso no eido da Intelixencia Artificial (IA) mediante a posta en marcha da Estratexia Nacional de Intelixencia Artificial. A Intelixencia Artificial ten un gran potencial de transformación dende o punto de vista tecnolóxico, económico e social. É un vector transversal para afrontar os grandes desafíos da nosa sociedade e especificamente para reducir a brecha de xénero, a fenda dixital, apoiar a transición ecolóxica e a cohesión territorial. Por iso esta estratexia persegue situar a España como país punteiro en Intelixencia Artificial e liderar a nivel mundial o uso da lingua española e das linguas cooficiais (galego, euskera, e catalán) na IA. Ademais, preténdese promover a creación de emprego cualificado estimulando o talento do noso país e atraendo talento global, incorporando a IA como factor para mellorar a produtividade da empresa e da Administración Pública. Todo iso, cunha perspectiva humanista que garanta os dereitos individuais e colectivos da cidadanía.

Dentro desta estratexia, o Goberno prevé a creación da Axencia Española de Supervisión da Intelixencia Artificial (AESIA), que deberá ser aprobada este ano. Este organismo terá como cometido desenvolver medidas para a redución dos riscos sobre a seguridade e a saúde das persoas, así como sobre os seus dereitos fundamentais, que poidan derivarse do uso das tecnoloxías intelixentes. Ademais, a AESIA participará en accións froito da colaboración con outras administracións e co sector privado. Esta Axencia é un dos organismos de nova creación que poden ser radicados nunha localización diferente á capital do Estado, de acordo co Real Decreto 209/2022 de 22 de marzo (para a descentralización de organismos públicos).

Neste proceso, Galicia parte como unha das mellores CCAA situadas para albergar a futura sede da AESIA. A Xunta de Galicia, a través da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) lanzou recentemente a campaña AgencIAparaGalicia, con forte apoio de Institucións públicas, Centros Tecnolóxicos e

Hubs de Innovación Dixital, Colexios profesionais, asociacións empresariais, fundacións, e empresas do sector TI. Galicia parte como unha das CCAA mellores situadas polos seguintes motivos:

É unha do tres Comunidades Autónomas que dispoñen dunha estratexia de Intelixencia Artificial, a Estratexia Galega de Intelixencia Artificial 2021-2030 (EGIA).

É pioneira na posta en marcha medidas para o desenvolvemento dunha intelixencia artificial ao servizo do avance social e económico e da administración pública, baixo criterios éticos e respectuosos cos dereitos fundamentais das persoas. Conta cun ecosistema TIC forte, sendo unha das principais rexións con recoñecida traxectoria no ámbito nacional e internacional.

Cumpre coas condicións establecidas no Real Decreto para acoller entidades pertencentes ao sector público institucional:

Galicia ante un gran reto demográfico, necesidade de fixar poboación.

Dinamización do emprego, necesidades de creación de emprego.

Escasa presenza de sedes de organismos estatais no seu territorio.

Ante este contexto, o Concello de Santiago de Compostela entende que a capital de Galicia reúne as condicións necesarias para albergar a sede da devandita axencia. Existe un total aliñamento coa Universidade de Santiago para conformar unha candidatura sólida que permita situar a nosa cidade como a mellor opción para Galicia. Santiago de Compostela cumpre tanto coas condicións establecidas o Real Decreto 209/2022 como coas esixencias específicas para situar a futura AESIA; conta con capacidade de produción de talento (coa futura implantación do Grao en IA da USC), posúe un expertise na materia de múltiples entidades da nosa cidade (dende o propio Concello a través do proxecto Smartiago, a Escola Técnica Superior de Enxeñaría, o Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes - CITIUS, o Centro de Supercomputación de Galicia – CESGA, o Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia CITMAGA, e as axencias autonómicas como GAIN ou a propia AMTEGA), a cidade posúe infraestruturas de localización de persoal e equipos que poden ser cedidos por distintas administracións para poder albergar dita sede. Ademais, Santiago de Compostela é un recoñecido destino turístico de congresos, convencións, incentivos e eventos, xa que conta con entes públicos de longa experiencia que realizan un asesoramento integral a operadores turísticos, organizadores de eventos, asociacións, profesionais e empresas para a realización deste tipo de eventos. Destacando por exemplo a celebración en European Conference on Artificial Intelligence - ECAI2020 entre agosto e setembro do 2020.

Por todo isto, e á vista do exposto, a Corporación local manifesta o seu firme apoio e compromiso para que a cidade de Santiago de Compostela albergue a sede da Axencia Estatal de Supervisión da Intelixencia Artificial (AESIA).

PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE CA PARA QUE SE ABRA O NOVO CENTRO CÍVICO DA CIDADE VELLA SITUADO NA PRAZA DE SALVADOR PARGA.

Posponse o debate deste asunto ata o regreso do concelleiro Don José Javier Fernández Martínez, por ser o concelleiro que intervirá.

5. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE CA PARA FACILITAR A ACCESIBILIDADE AO NOVO EDIFICIO DO PROXECTO DO POLO DE INNOVACIÓN DE BIOTECNOLOXÍA NA SIONLLA.

A proposición presentada ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno. O obxecto do acordo é que o Concello de Santiago planifique e axilice a construción dos acesos para o edificio do novo proxecto do polo de innovación en Biotecnoloxía na Sionlla sexa unha realidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A estratexia de reindustrialización de Santiago de Compostela é fundamental para non vincular a bases económicas da cidade exclusivamente ao modelo turístico do Xacobeo porque é insuficiente e irregular. Un feito que xa era sabido de antes mais que se ten evidenciado aínda máis desde o inicio da pandemia. Fronte a este modelo, a industria ofrece un emprego de maior calidade e estabilidade, ao tempo que favorece máis a fixación de poboación.

Neste sentido, os últimos datos económicos publicados polo Instituto Galego de Estatística (IGE) deixan moi clara a dependencia da nosa economía do sector servizos. De feito, en Santiago a industria tan só representa un 7,3% da economía, un dato que contrasta cos das cidades de Vigo e A Coruña onde alcanza un peso do 17,7% e o 13,35%, respectivamente.

Tendo en conta o anterior e para efectivizar esta necesaria estratexia de reindustrialización para Santiago, o 16 de xaneiro de 2017, asinouse o *Acordo da Sionlla* entre os principais axentes sociais, económicos e institucionais implicados: Concello de Santiago, Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS), Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), Universidade de Santiago, Cámara de Comercio e Área Empresarial do Tambre (AET). Este acordo de colaboración marcou como obxectivo principal o impulso da reindustrialización empresarial, a promoción do asentamento de empresas e a captación de proxectos de investimento para Compostela.

Esta estratexia conxunta procura facilitar o asentamento de empresas na zona norte da cidade, en concreto nos ámbitos dos Polígonos do Tambre, Costa Vella e o da Sionlla. Construindo un espazo de consenso e colaboración que implicaba a distintos sectores da cidade para crear importantes sinerxias entre a Universidade de Santiago, que aportaba o seu coñecemento, a Cámara de Comercio e a Área Empresarial do Tambre, que aportaban a súa experiencia empresarial, e as administracións locais e galega implicadas, que se comprometían a axilizar as tramitacións e a adoptar as medidas que lles sexan posibles para lograr os obxectivos fixados.

Dese acordo naceu a actual Mesa de traballo integrada por cada unha das entidades asinantes, que se encargou de propor e desenvolver accións dirixidas á reindustrialización de Compostela. Colocando o seu foco en novos sectores emerxentes e cun gran potencial, en Santiago, como os relacionados coa biotecnoloxía e coa transformación da madeira. É a partir deste traballo que naceu o ‘acordo da Sionlla’ que permitiu impulsar o proxecto do polo de innovación en

Bioteecnoloxía, no que tamén está implicada BIOGA, o clúster tecnolóxico empresarial das ciencias da vida.

Para desenvolver o proxecto, o Concello de Santiago acordou ceder unha parcela municipal no polígono da Sionlla, a través de Uninova. Ao tempo que, o goberno galego aprobou unha achega de máis de 4 millóns de euros, procedentes da convocatoria de Centros de Fabricación Avanzada (IGAPE), para a construción da infraestrutura na que se albergará o polo biotecnolóxico.

Pasados tres anos de mandato municipal, por parte da AET os deberes foron sempre feitos con moita dilixencia, con un anteprojecto, proxecto e finalmente, construción do novo edificio, o que contrasta coa actitude e modos do actual goberno local de Santiago que sempre foi a remolque. O goberno de Sánchez Bugallo foi moi lento e amosou unha importante carencia do impulso político necesario para conseguir que o Concello de Santiago sexa máis áxil e proactivo. Hai varias mostras desta desidia e falta de impulso que incluso colocou en risco o propio proxecto, como foi no caso da demora de varios meses para algo tan simple como regularizar as escrituras de Uninova, e polo tanto a inxustificable demora na resolución da cesión da parcela ou a máis recente na modificación da proposta de remanentes de un día para outro, despois de recibir severas críticas pola falta de apoio ao proxecto.

Agora, xa coa perspectiva do final das obras do edificio o Concello de Santiago ten unha nova oportunidade de ser proactivo e adiantarse ás necesidades futuras e planificar con tempo novas necesidades como son as da mellora da accesibilidade ao edificio do biopolo. Así, o actual Centro de Servizos Innovadores para Empresas Biotecnolóxicas (CSIEB) está situado na subparcela EQ-2a que se corresponde coa Fase I de execución do conxunto da parcela. As subparcelas EQ-2b e EQ-2c incorporan outras dúas plataformas para futuros edificios ficando reservadas como fases II e III para desenvolver polo Concello, parcial ou conxuntamente, no futuro.

É precisamente nestas subparcelas das fases II e III onde o estudo de detalle, presentado en xullo do 2021, recolle varios camiños arborados como:

os elementos lineais que conectan as distintas plataformas. Concíbense como sendas de plataforma única, de uso mixto, rodado e peonil, arboradas nas súas marxes. As dimensións, tratamento superficial e outras características destas sendas inclúense no proxecto de edificación da primeira fase, e tomarase como referencia para as seguintes, buscando a coherencia do conxunto

indicando no apartado de accesibilidade que:

As plataformas están conectadas por dous camiños arborados concibidos para o seu uso mixto, rodado e peonil.

Os camiños que unen as plataformas poden dispoñerse sen dificultade con pendentes que non superen o 5%, cómoda para o tránsito peonil, mesmo para persoas con mobilidade reducida.

Tendo en conta todo o anterior e porque compre manter o compromiso municipal coa estratexia de reindustrialización da cidade, impulsada desde o 2017 e concretizada, na actualidade, no proxecto do polo biotecnolóxico da Sionlla, así como axilizar todos os prazos e tarefas municipais pendentes, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte **ACORDO**:

Instar ao correspondente órgano de goberno a:

- Proxectar e desenvolver os camiños recollidos nos estudo de detalle da parcela EQ-2 do Parque empresarial da Sionlla, para articular mellor a acesibilidade e mobilidade na contorna do novo Centro de Servizos Innovadores para Empresas Biotecnolóxicas e situado na subparcela EQ-2a, con especial urxencia o camiño ubicado na subparcela EQ-2b para dar xa servizo ao mencionado edificio.”

Rematado o debate o Pleno da Corporación por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA e do BNG (5 CA e 2 BNG), e 16 abstencións correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do PP (9 PSdeG-PSOE e 7 PP), acorda instar ao correspondente órgano de goberno a proxectar e desenvolver os camiños recollidos no estudo de detalle da parcela EQ-2 do Parque empresarial da Sionlla, para articular mellor a acesibilidade e mobilidade na contorna do novo Centro de Servizos Innovadores para Empresas Biotecnolóxicas e situado na subparcela EQ-2a, con especial urxencia o camiño ubicado na subparcela EQ-2b para dar xa servizo ao mencionado edificio.

6. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA O MANTEMENTO DA EMISIÓN POR STREAMING DAS ROLDAS DE PRENSA E DAS SESIÓNS PLENARIAS.

O texto da proposición presentada ten o seguinte contido:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o mantemento da emisión por streaming das roldas de prensa e das sesións plenarias, cun sistema áxil de busca e de arquivo de videoactas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A información subministrada polo Concello de Santiago de Compostela mediante o sistema do streaming en directo de todas as roldas de prensa dos grupos municipais, como se viña facendo coas relativas á Xunta de Goberno, resultou ser un método adecuado ante as medidas derivadas da prevención da pandemia da covid-19 e fronte ao recorte de persoal que padecen os medios de comunicación. Dotar destes soportes de retransmisión en directo por parte dunha Administración pública como o Concello de Santiago é algo apropiado para contribuír a garantir o dereito fundamental de información.

O mesmo acontece coa retransmisión en directo das sesións plenarias, algo que favorece a proxección social do debate político das iniciativas que se presentan. Cómpre ter en conta que son moitos os colectivos que así poden seguir e coñecer o contraste de opinións que teñen os grupos municipais sobre os diversos temas que van na orde do día e que lles afectan de xeito directo ou indirecto.

Para mellorar este sistema de streaming, é necesario implementar un programa de arquivo similar ao doutras administracións, que favoreza a busca mediante videoactas, cun minuteiro onde se especifique o punto de inicio de cada punto da orde do día no caso das sesións plenarias e cunha pestana de busca por persoa que intervén.

Deste xeito, urxe convocar un concurso para darlle estabilidade ao labor realizado

polos profesionais que se encargan deste servizo, con garantía de pagamento polo traballo que desenvolven en vez de ir contra factura.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

1. O Concello de Santiago convocará un concurso para a emisión por streaming das roldas de prensa.

2. O Concello de Santiago convocará un concurso para a emisión por streaming das sesións plenarias, que incluírá un programa áxil de busca e de arquivo de videoactas para adecuarse ás necesidades da comunicación social actuais.”

Iniciado o debate, abandona o Salón de Sesións o Alcalde, sendo as 11:10 horas, e regresando contra as 11:15 horas. Preside a sesión durante a súa ausencia Dna. Mercedes Rosón Ferreiro.

Contra as 11:15 horas abandona o Salón de Sesións D. Gonzalo Muíños Sánchez.

O PP presenta unha emenda transaccional “en voz” que o BNG acepta.

Rematado o debate, e despois de ser aceptada a emenda transaccional presentada polo PP, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do BNG, do PP e de CA (2 BNG, 7 PP e 5 CA), e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros/as presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE (D. Gonzalo Muíños Sánchez abstención do artigo 100 ROF) acorda:

1. O Concello de Santiago manterá como un servizo esencial para a transparencia da actividade municipal as emisións por streaming das roldas de prensa e das sesións plenarias e mellorará o sistema de arquivo coa inclusión das buscas e do arquivo das videoactas.

2. O Concello de Santiago analizará as posibilidades técnicas e económicas de prestar este servizo cos propios medios da Administración municipal.

3. No caso de que este servizo non poida ser prestado cos medios propios, que se convoque á maior brevidade posible un concurso público para a emisión por streaming das roldas de prensa e das sesións plenarias, conforme ao estipulado por este tipo de servizos pola lexislación vixente.

7. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA A ELABORACIÓN DUNHA ESTRATEXIA PARA A ACCESIBILIDADE, POSTA EN VALOR E MANTEMENTO DE EDIFICIOS DE INTERESE HISTÓRICO, CUTURAL E TURÍSTICO DE SANTIAGO.

O texto da proposición presentada ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante o pasado mandato, o Grupo Popular impulsou varias iniciativas plenarias, que obtiveron un apoio maioritario, para que o Concello puxera en marcha medidas

colaborativas para promover a visita a edificios de marcado interese histórico e cultural naqueles casos nos que, a pesar da vontade da propiedade para contribuír ao seu coñecemento, existiran limitacións para as visitas públicas polas dificultades para manter e organizar uns horarios estables de acceso público coas necesarias garantías.

A motivación destas iniciativas facía fincapé na idea de que a cidade de Santiago posúe no ámbito do seu núcleo histórico un inxente patrimonio artístico no que se integran un elevado número edificios relixiosos e civís que lle confiren un carácter singular e un poder de atracción superior á maioría dos centros de turismo non só de España, senón tamén do resto do mundo.

No Catálogo do Plan Especial do ano 1997 recóllense 41 edificios co máximo nivel de protección, 68 edificios de singular valor arquitectónico, cun nivel 2 de protección, outros 293 edificios de interese tipolóxico e arquitectónico e 1.411 edificios de intereses ambiental.

Non se trata só da Catedral e dos edificios máis próximos ou estreitamente vinculados a ela, senón tamén de templos ou instalacións espallados pola traza urbana que, alén da monumentalidade da súa arquitectura exterior, albergan no seu interior tesouros artísticos de indubidable valor que son descoñecidos, non só para aquelas persoas que nos visitan, senón tamén para unha gran parte da veciñanza de Compostela.

É o caso da Colexiata románica de Santa María de Sar, que ademais de representar no seu interior a curiosa imaxe das columnas inclinadas -cunha orixe e un efecto semellante á mundialmente coñecida Torre de Pisa-, mantén anexo tamén un museo que realza a importancia que representa dentro da riqueza monumental non só da cidade, senón do conxunto de Galicia.

Tamén poderíamos falar dos conventos de clausura do Carme, de Santa Clara, das Madres Mercedarias ou a Igrexa de San Fructuoso... Lugares onde a visita só é posible coincidindo co horario que teñen establecido para a celebración das misas ou con outras celebracións puntuais que alí poidan ter lugar. Ou o conxunto de San Domingos de Bonaval e o mosteiro de Conxo -único BIC extramuros-, por citar algúns outros exemplos.

As dificultades para acceder a estes lugares son motivo de recorrente preocupación nos medios informativos, como puidemos comprobar novamente hai escasas datas.

O que se trata é de que o Concello lidere e impulse con vontade, imaxinación e capacidade de xestión un traballo que logre unir ás partes implicadas, acordar posibles vías de participación e atopar a fórmula que faga posible unha medida que debería ser beneficiosa para todos e que podería integrarse no Plan de Sostibilidade Turística, na procura de buscar fórmulas de contribuíran a que a accesibilidade e o mantemento destes bens non dependan en exclusiva dos recursos públicos.

A boa disposición mostrada polas distintas entidades involucradas debería servir de acicate para activar unha iniciativa municipal que estude, coa Xunta de Galicia, o Consorcio, a Deputación e as propias entidades titulares destes bens, as distintas posibilidades para conseguir ampliar as datas e horarios de acceso a eles.

O feito de que moitos destes edificios e das pezas artísticas que albergan foran obxecto de actuacións de rehabilitación con fondos públicos do propio Concello ou

procedentes de institucións de carácter supramunicipal, constitúe un poderoso argumento para propoñer a súa participación nunha medida cun amplo beneficio cultural e turístico.

Outro argumento a ter en conta sería a conveniencia de facilitar o acceso a estes lugares que figuran destacados na inmensa maioría das guías e recomendacións que están ao alcance dos cidadáns e das cidadás, moitas delas promovidas polo conxunto das administracións públicas e organismos con competencias na materia.

A ampliación do acceso a estes lugares tería tamén consecuencias positivas para a imaxe e o poder de atracción do concello e do conxunto de Comunidade, achegando novos motivos para prolongar a estadía na cidade, contribuíndo con iso ao reto, compartido polo Goberno municipal, polo conxunto da Corporación e polos axentes implicados, de incrementar a estancia e as pernoitas dos visitantes no noso termo municipal.

Polo tanto, tendo en conta que se trata dunha medida que, sen dúbida, vai redundar nun incremento do poder de atracción turístico e cultural da cidade, o Grupo Municipal do Partido Popular propón a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno insta ao Goberno municipal a que, no ámbito do Plan de Sostibilidade Turística, se elabore unha estratexia de actuación para a accesibilidade, posta en valor e mantemento dos edificios de interese histórico, cultural e turístico de Santiago.”

O BNG presenta emenda transaccional “en voz”, que o PP acepta.

Rematado o debate e tras ser aceptada e emenda transaccional do BNG, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PP, do BNG e de CA (7 PP, 2 BNG e 5 CA) e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros/as presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda:

1. Instar ao Goberno municipal a que, no ámbito do Plan de Sostibilidade Turística, se elabore unha estratexia de actuación para a accesibilidade, posta en valor e mantemento dos edificios de interese histórico, cultural e turístico de Santiago.

2. Explorar a posibilidade de asignar novos usos a edificios históricos que estean infrutilizados tras a súa rehabilitación.

8. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse conta das resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas do 23 de xuño ao 21 de xullo de 2022.

Así mesmo, tamén se da conta das seguintes actas da Xunta de Goberno:

ASUNTO XGL/2022/000031206A

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 13 de xuño de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00031703V

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 15 de xuño de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00032092S

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 20 de xuño de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00032732B

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 21 de xuño de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00033151Q

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 22 de xuño de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00033266Q

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 27 de xuño de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00034447R

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 30 de xuño de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00034532V

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 4 de xullo de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00035310J

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 6 de xullo de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00035548K

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 7 de xullo de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00035624M

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 11 de xullo de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00035828W

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 11 de xullo de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00036230J

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 14 de xullo de 2022. (9:10 horas)

ASUNTO XGL/2022/00036463Q

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 14 de xullo de 2022. (14:20 horas).

ASUNTO XGL/2022/00036488H

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 15 de xullo de 2022. (14:20 horas).

ASUNTO XGL/2022/00036489L

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 18 de xullo de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00037047W

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 20 de xullo de 2022.

9. ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.

Interpelación:

1.- Formulada polo grupo municipal do PP para a posta en servizo dos quioscos da Alameda e da Praza de Vigo.

Rogos:

1.- Formulado polo grupo municipal do PP para instalación de iluminación no lugar da Xesteira-San Caetano.

- 2.- Formulado polo grupo municipal do PP par a mellora da seguridade e a calidade ambiental no parque Alfredo Vicenti-Lamas de Abade.
- 3.- Formulado polo grupo municipal do PP para coordinar as obras que afecten ao tráfico na contorna dos centros escolares.
- 4.- Formulado polo grupo municipal do BNG para a reparación das escaleiras do parque de Belvís.
- 5.- Formulado polo grupo municipal do BNG para cambiar de emprazamento a escultura das vítimas de violencia de xénero para as inmediacións da casa das mulleres Xohana Torres.
- 6.- Formulado polo grupo municipal de CA para que se atendan as persoas sen fogar desprazadas da dársena de Xoán XXIII.
- 7.- Formulado polo grupo municipal de CA para que se arranxe o paso sobre o rego Salgueiro en Bálsuma.
- 8.- Formulado polo grupo municipal de CA para que se realice a limpeza das hortas municipais situadas no barrio de Fontiñas.

Preguntas resposta oral:

- 1.- Formulada polo grupo municipal de CA sobre os orzamentos participativos.
- 2.- Formulada polo grupo municipal do PP sobre as medidas en relación co aparcamento ilegal na contorna do aeroporto.
- 3.- Formulada polo grupo municipal do PP sobre as actuacións realizadas ao longo do último ano e medio para evitar o risco de incendio forestal nos arredores do IES Lamas de Abade.
- 4.- Formulada polo grupo municipal do PP sobre a extensión de actividades alternativas para o ocio nocturno da mocidade ao longo do ano.
- 5.- Formulada polo grupo municipal do BNG para a adopción de medidas de protección e divulgación de alquerques, taboleiros de xogo en lousas.
- 6.- Formulada polo grupo municipal do BNG sobre o novo parque comarcal supramunicipal de bombeiros.
- 7.- Formulada polo grupo municipal de CA sobre o novo sentido de circulación na rúa das Hortas.
- 8.- Formulada polo grupo municipal de CA sobre as consecuencias para a veciñanza da rúa Porto de Conxo pola construción do novo viario de acceso ao Milladoiro.

Preguntas resposta escrita:

- 1.- Formulada polo grupo municipal do PP sobre o proxecto de iluminación da rúa das Estrelas.
- 2.- Formulada polo grupo municipal de CA sobre a explotación dos quioscos da Alameda e da praza de Vigo.

Durante a interpelación que figura co núm. 1, incorpórase a sesión o concelleiro don José Javier Fernández Martínez, polo que pasa a tratarse a proposición que quedara pendente.

10. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE CA PARA QUE SE ABRA O NOVO CENTRO CÍVICO DA CIDADE VELLA SITUADO PRAZA DE SALVADOR PARGA.

O texto da proposición presentada ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno. O proxecto do acordo procura dar resposta a unha demanda histórica da

veciñanza da cidade vella procurando que o novo centro sociocultural deste ámbito entre xa en funcionamento no próximo outono xunto coa nova programación da rede de CSC.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A zona histórica e monumental de Santiago é o corazón da nosa cidade, e por iso debe ter un trato especial, mais non só do punto de vista da conservación patrimonial senón tamén na dotación de equipamentos e facilidades para vivir nela, como en calquera outro barrio de Compostela. Neste sentido, e entendendo que a cidade vella non pode ser un parque temático de uso exclusivo para o turismo, no anterior mandato deseñouse e aprobouse un proxecto de rehabilitación do local da praza de Salvador Parga para convertelo no futuro centro cívico da cidade histórica. O proxecto foi deseñado atendendo ás demandas da veciñanza, dos técnicos de centros socioculturais, e contando tamén coa opinión da propiedade do inmovible, neste caso Afundación, e quedou aprobado en Xunta de Goberno do 20 de xullo de 2018 cun orzamento máximo de licitación dalgo máis de 280.000 euros e un prazo de execución de tres meses. Posteriormente, este proxecto foi incluído no proxecto de orzamentos de 2019, que foi tumbado e non aprobado polo PP, PSOE e BNG en decembro do 2018.

A demanda deste centro é unha antiga reivindicación da veciñanza da zona vella, por iso o goberno de Compostela Aberta quixo deseñar un espazo que fose acaído para o uso sociocultural, localizándoo na parte baixa do nº 4-5 da praza de Salvador Parga, que albergaba a antiga biblioteca da cidade histórica. O proxecto deseñado permitía que o local conte cunha zona de recepción, oficinas, aseos, sala de lectura, aulas polivalentes e sala multiúsos. Tamén prevía o acondicionamento do xardín posterior do inmovible e a construción dunha pequena rampla que comunicará co xardín do Pazo de Amarante.

Tendo en conta que no 2019 non podería construírse este centro, por non ter os orzamentos de 2019 viabilizados, o goberno anterior aprobou o 17 de abril de 2019 un texto dun convenio coa USC co fin de poder dispor do uso da edificación de Casas Reais denominada Casa de Elisa e Jimena Fernández de la Vega, polo prazo de 25 anos, para localizar nela o novo Centro Cívico da Cidade Vella. Convenio que foi reclamado no Pleno de xullo de 2019, mediante unha proposición en Pleno presentada por Compostela Aberta, mais que non foi levado adiante polo goberno do PSOE e Sánchez Bugallo.

Chegados a este punto, na negociación de orzamentos de 2020, a primeira das demandas de equipamentos que presentou Compostela Aberta foi novamente a construción deste Centro Sociocultural, executando o proxecto en Salvador Parga posto que o goberno pretendía abrir a nova Oficina da Cidade Histórica no inmovible e Casas Reais. Finalmente non foi ata o 29 de setembro de 2021 que o actual goberno adxudicou e asinou o contrato de inicio. Aínda este mes adxudicouse a instalación dunha rampla de granito para mellor o acceso ao que será o novo centro sociocultural da zona vella.

Así pois, tendo en conta todo o anterior, a finalización das obras que tres anos despois por fin están executadas e, sobre todo, a necesidade de dar resposta a unha xusta demanda veciñal, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte

ACORDO:

O Pleno insta ao correspondente órgano do Concello de Santiago a:

1. Que se dote de recursos e materiais o novo Centro Sociocultural da Cidade Histórica, situado na Praza Salvador Parga, para que entre en funcionamento o antes posible, idealmente xa nos meses de setembro e outubro co comezo da nova programación da rede de CSC de Santiago.

2. Establecer as necesarias canles de diálogo e comunicación e participación coa veciñanza da zona histórica e co tecido asociativo -veciñal, cultural, deportivo e xuvenil- para que sexan participes no deseño da programación das actividades e tamén dos usos do novo Centro Sociocultural da Cidade Vella.”

Durante o debate do presente asunto sendo as 13:05 horas, incorpórase á sesión D. Jorge Duarte Vázquez, e auséntase o señor alcalde, pasando a presidir a sesión Dña. Mercedes Rosón Ferreiro.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais de CA, do PP e do BNG (5 CA, 7 PP e 2 BNG), e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros/as presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE acorda instar ao correspondente órgano do Concello de Santiago a:

1. Que se dote de recursos e materiais o novo Centro Sociocultural da Cidade Histórica, situado na Praza Salvador Parga, para que entre en funcionamento o antes posible, idealmente xa nos meses de setembro e outubro co comezo da nova programación da rede de CSC de Santiago.

2. Establecer as necesarias canles de diálogo e comunicación e participación coa veciñanza da zona histórica e co tecido asociativo -veciñal, cultural, deportivo e xuvenil- para que sexan participes no deseño da programación das actividades e tamén dos usos do novo Centro Sociocultural da Cidade Vella.

Continúase a debater no punto de rogos e preguntas. Incorporándose á sesión o alcalde durante o debate do rogo núm. 3, e pasando a presidir a sesión.

11 TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.

As mocións presentadas e tratadas na sesión teñen o seguinte contido:

MOCIÓN PARA A MELLORA DOS ESPAZOS E SERVIZOS PÚBLICOS NO CASTIÑEIRIÑO E PARA A AMPLIACIÓN DUN PARQUE INFANTIL

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para a mellora dos espazos e dos servizos públicos no Castiñeiriño e para a ampliación do parque infantil situado entre as rúas José Antonio Souto Paz e Alejandro Pérez Lugín.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No barrio do Castiñeiriño poden realizarse, por parte do Concello, diversas actuacións

de escaso custe económico e moita rendibilidade social para incrementar a calidade de vida das persoas residentes mediante os labores de mantemento dos espazos e control dos servizos públicos, que sofren un considerable desleixo nos últimos anos.

A iso súmase a necesidade de ter en conta o crecemento poboacional, a comezar coa proposta da veciñanza para ampliar o parque infantil situado entre as rúas José Antonio Souto Paz e Alejandro Pérez Lugín, á altura do número 12 desta última. Pese ao seu pequeno tamaño, pode haber entre 35 e 40 crianzas e outras tantas nais e pais, polo que o Goberno local debería ter en conta esta circunstancia para ampliar a súa superficie e dispoñer de máis elementos de xogo para favorecer o encontro sen aglomeracións nin ter que agardar.

Tamén aquí existe o habitual problema derivado da recollida de residuos, con papeleiras que rebordan durante unha semana sen que o servizo da empresa concesionaria pase pola zona. No SUNP-11 reclaman tamén a reposición dunha nova papeleira.

En canto ao transporte público, a demanda é relativa á falta de sincronización das liñas L6 e LA6, que adoitan circular á vez, co que deixan intervalos de agarda moi superiores ao que deberan ser as frecuencias, co que se duplica a demora no tempo. Tampouco funcionan de xeito coordinado os paneis informativos e a aplicación Máisbus. Outra eiva é o recorte de frecuencias nas fins de semana e días festivos, que deixan sen conectividade suficiente a poboación deste barrio co centro urbano.

Tamén no apartado de mobilidade, outra reclamación é a instalación de berlinesas, sinais luminosos ou de pintura para a pacificación do tráfico, que transita a unha velocidade excesiva sen respectar o que marcan os sinais na rúa Antón Vilar Ponte.

Requírese a actuación da brigada de roza de vexetación en cunetas e no lavadoiro de Lamas de Abade, posto que invade este ben etnográfico.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. O Concello de Santiago de Compostela procederá á ampliación do parque infantil do Castiñeiriño situado entre as rúas José Antonio Souto Paz e Alejandro Pérez Lugín.
2. O Concello de Santiago de Compostela velará polo mantemento e adecuación dos espazos e servizos públicos en canto á reposición de papeleiras, limpeza, roza de vexetación e coordinación do transporte público para contribuír a mellorar a calidade de vida da veciñanza deste barrio en crecemento.

MOCIÓN PARA MELLORAR A INFORMACIÓN E SINALIZACIÓN TURÍSTICA

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para mellorar a información e sinalización turística con persoas a pé de rúa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Santiago de Compostela é unha cidade turística que recibe milleiros de persoas

visitantes a diario nesta tempada de verán. Pese a isto, dispón dun servizo de información e de sinalización de lugares emblemáticos insuficiente, á vista de que comerciantes da Cidade histórica se ven na obriga de resolveren as dúbidas de turistas e excursionistas para chegaren aos sitios que queren coñecer. Este feito supónlles un problema cando dedican boa parte da xornada laboral a ofrecer esta información, cando non é a súa función nin, en moitas ocasións, teñen coñecementos específicos de idiomas, nin de turismo nin de recomendacións gastronómicas.

Un dos puntos clave onde preguntan a maioría de visitantes os reiterados “por onde se vai á Catedral?”, “por onde se vai ao mercado?” é ao chegaren á praza de Cervantes ou os tamén frecuentes “por onde se vai ao Monte do Gozo?” e “por onde se vai á estación” cando rematan o percorrido pola Cidade histórica. Ou o mesmo acontece coas paradas do autobús ao aeroporto, que non saben onde están situadas, nin o número da liña que lles corresponde nin o tempo de agarda, posto que o panel informativo electrónico non está operativo.

Por dar un dato, no mes de abril, realizáronse na Oficina de Turismo da rúa do Vilar 8.751 consultas presenciais, das que 653 eran de xente de Santiago. Porén, nese mes entregáronse 34.283 compostelas na Oficina do Peregrino/a. É un dato evidente de que a maioría da xente que nos visita descoñece o emprazamento da Oficina de Turismo e de que o seu labor non chega a potenciais destinatarios/as. Algo que sofre tanto a poboación residente como os/as comerciantes que suplen este labor a diario.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. O Concello de Santiago, en colaboración con Incolsa, disporá de persoas que ofrezan información turística en diversos idiomas nas rúas e prazas emblemáticas para mellorar este labor, cun sistema de distintivo de “gorras vermellas” ou similar.
2. O Concello de Santiago procederá a indicar a dirección aos monumentos máis relevantes, de xeito ben visíbel, na praza de Cervantes; así como as direccións á estación intermodal de ferrocarril e autobuses e ao Monte do Gozo.
3. O Concello de Santiago habilitará paneis cun distintivo para sinalizar as paradas do autobús ao aeroporto e porá en funcionamento o panel electrónico que indica as frecuencias.

MOCIÓN PARA O AVANCE NA MODERNIZACIÓN FERROVIARIA DE GALICIA E A DOTACIÓN DE TRENS AVRIL DE ANCHO VARIABLE

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación xeográfica periférica de Galicia fai que resulte determinante dispoñer de infraestruturas de comunicación modernas e axeitadas para favorecer a vertebración do territorio e asegurar a viabilidade e competitividade das empresas e dos sectores produtivos. Cumprir con estes obxectivos pasa necesariamente por contar cuns servizos ferroviarios de calidade.

Por iso, é imprescindible que, sen desatender os servizos ferroviarios convencionais, fundamentais para garantir a mobilidade dos cidadáns e para revitalizar o interior de Galicia, o Goberno de España faga unha aposta decidida pola alta velocidade ferroviaria e traballe para aproveitar ao máximo as súas potencialidades en beneficio da cidadanía e do territorio.

A chegada do AVE á cidade de Ourense a finais do pasado ano, tras máis de dúas décadas de obras e un longo camiño de reivindicacións políticas e sociais, foi, sen dúbida, un fito histórico que abriu un importante abano de posibilidades no ámbito económico, turístico ou social.

Pero para que esas posibilidades potenciais se convertan en realidade en todo o territorio é preciso que se cumpran unha serie de condicións que desafortunadamente non se están a cumprir. Entre elas, dotar a Galicia dos trens Avril de ancho variable, para que poidan circular polas novas vías de alta velocidade e polas vías convencionais do eixo atlántico e, deste xeito, acadar que a alta velocidade ferroviaria chegue a Santiago, A Coruña, Pontevedra ou Vigo, cumprindo así os tempos de viaxe comprometidos polo Goberno de España.

Este tipo de trens Avril, segundo o compromiso asumido no seu día polo Goberno central, tiñan que estar funcionando xa na nosa Comunidade este verán, completando o camiño do AVE a Galicia. Pero, segundo vén de recoñecer o Ministerio de Transportes, non só non estarán operativos este verán, co conseguinte prexuízo que iso supón, máxime tendo en conta que o turismo está en temporada alta e en pleno Xacobeo extraordinario, senón que, o que é aínda peor, non se sabe cando o estarán.

Para o conxunto de Galicia, ademais de que os trens Avril entren en funcionamento de xeito inmediato, é unha prioridade mellorar as infraestruturas e dispoñer dunha planificación completa de obras para a modernización das liñas ferroviarias que permitan conectar coa alta velocidade tamén a Lugo e Ferrol. Non podemos aceptar que estas dúas cidades queden á marxe da renovación ferroviaria de Galicia.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón a adopción do seguinte

ACORDO:

O Pleno do Concello de Santiago acorda dirixirse ao Goberno de España para:

1. Demandar a dotación inmediata dos trens Avril de rodadura desprazadable que permita a chegada da alta velocidade ás cidades de Santiago, A Coruña, Pontevedra e Vigo.
2. Demandar a presentación e execución dunha planificación concreta e completa para a modernización das infraestruturas ferroviarias para que Ferrol e Lugo se conecten tamén á Alta Velocidade.

MOCIÓN PARA DAR A COÑECER O ESPAZO DE MONTE DE DEUS E ATENDER AS DEMANDAS VECIÑAIS PARA ESTENDER AS LIÑAS DE AUTOBÚS URBANO A VITE DE ARRIBA

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico

municipal, presenta a seguinte moción para dar a coñecer o espazo de Monte de Deus e atender as demandas veciñais para estender as liñas de autobús urbano até Vite de Arriba.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Santiago de Compostela conta con emplacements singulares desde onde se poden contemplar vistas panorámicas de gran valor a nivel paisaxístico. Un destes lugares é Monte de Deus, en que a veciñanza ten interese en dar a coñecer tanto para persoas que viven en Compostela, como para estudantes e turistas.

Este espazo dispón de 30.000 metros cadrados de zona verde que foron acondicionados entre 2009 e 2011, cando o BNG levaba esta área no Goberno municipal, momento en que se plantaron árbores, se instalou un panel panorámico de identificación e se melloraron as instalacións. Recentemente, organizouse un roteiro que pode aproveitarse, xunto con outra documentación da historia e dos elementos naturais, para a divulgación e popularización deste lugar.

De xeito paralelo, a veciñanza reclama a extensión de liñas de autobús para unir Vite de Arriba, pois as liñas máis próximas son a 5, 6A e C2 que non conectan directamente con esta zona, o que supón un grave prexuízo, sobre todo, para a xente maior que reside neste barrio.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. O Concello impulsará, mediante a promoción adecuada, o miradoiro do Monte de Deus como un espazo singular, polo seu valor paisaxístico, para coñecer en Santiago de Compostela.
2. O Goberno local atenderá as demandas da veciñanza de Vite de Arriba para estender a liña de autobús até este núcleo de poboación, coas frecuencias necesarias tamén en fin de semana.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA APOIAR AS REIVINDICACIÓNS DAS TRIPULACIÓNS DE CABINA QUE OPERAN NO AEROPORTO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA - ROSALÍA DE CASTRO

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O peso do sector turístico na economía de Compostela, de Galicia, de España e mesmo de Europa é innegable, a día de hoxe. Trátase dun sector que ten unha importancia estratéxica na xeración de emprego, así como no mantemento do tecido empresarial e na posta en valor da cultura, do patrimonio e da gastronomía propias de cada unha das zonas e polos de maior atractivo turístico. Ademais, no caso da nosa cidade, funciona tamén como un potenciador e difusor da nosa como Cidade Patrimonio da Humanidade e capital de Galicia.

A pesar desta importancia, nunha grande medida en moitos dos subsectores o medre do turismo vai acompañado dunha precariedade e explotación de moitas e moitos traballadores que no medio-longo prazo non beneficia absolutamente a ninguén. É o reverso dunha realidade económica, que non pode manter a súa base en modelos depredadores e que só sexan xeradores de riqueza para as grandes multinacionais ou para empresas de ética e moral máis que dubidosa.

Fronte a isto, na actual conxuntura, temos que procurar mudar o modelo para conseguir un emprego de maior calidade, que protexa ás e aos traballadores, que mellores os salarios, que racionalice as xornadas laborais, que termine coa estacionalidade brutal do sector,... en xeral que non promova a precariedade. É neste sentido, que pensando a longo prazo, e co ollar nas seguintes xeracións, temos como reto colectivo conseguir un novo modelo que sexa beneficioso para todas as partes: para as e os traballadores, mais tamén para as empresas, así como para as persoas turistas.

Neste sentido no acordo para viabilizar os orzamentos de 2022, coa abstención de Compostela Aberta, recolléronse medidas para a gobernanza do turismo, concretamente as seguintes:

III.6. Repensar o modelo turístico, impulsando unha reflexión colectiva e ampla sobre a actividade turística a través dun 'Foro Cidadán sobre a Convivencia e o Turismo' e un 'Observatorio de Sustentabilidade Turística' ademais de fortalecer o plan de inspección de pisos turísticos.

E por iso, neste marco de mudanza de paradigma e de mudanza de modelo é onde se insiren as xornadas de folga convocadas no pasado mes de xuño e tamén no actual mes de xullo do cadro de persoal de tripulantes da aeroliña de baixo custo Ryanair, e que afectou e está afectando ao Aeroporto de Santiago - Rosalía de Castro. Na convocatoria das mobilizacións, as e os representantes sindicais denunciaban o seguinte:

"A tripulación de Ryanair segue a ser traballadores de terceira, aínda non se respectan os nosos dereitos. Ryanair forzou esta folga e temos que volver á mobilización para que se coñeza a realidade da nosa situación, para que Ryanair se vexa obrigada a cumprir coa aplicación dos dereitos laborais básicos e as sentenzas xudiciais e a lograr un acordo e unhas condicións laborais dignas, para toda a forza de traballo. Ryanair é a única empresa internacional de España sen convenio colectivo"

O obxectivo das mobilizacións convocadas polos sindicatos USO e SITCPLA é tan simple e tan básico como que se asine o primeiro convenio colectivo no que se recollan condicións dignas do traballo para as tripulacións de Cabina. Reivindicacións tan elementais como conseguir os 22 días hábiles de vacacións anuais aos que teñen dereito todas e todos os traballadores en España ou os 14 festivos estatais; 2 pagas extras, acceso aos dereitos de redución de xornada por garda legal e/ou coidado familiar, concreción e redución de xornada; que os traballadores perciban a súa nómina seguindo o modelo legal nalgunha lingua oficial do Estado; que se respecte a normativa de Prevención de Riscos Laborais, ou mesmo que se entregue auga nos avións ás súas tripulacións, etc.

Así pois, tendo en conta todo o anterior e que a actividade turística non pode ser un foco ou eido económico que promova a precarización da clase traballadora, o Grupo

Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte

ACORDO:

O Pleno do Concello de Santiago manifesta a súa solidariedade coas mobilizacións e reivindicacións das Tripulacións de Cabina de Ryanair, así como do conxunto das aeroliñas que operan no Aeroporto de Santiago-Rosalía de Castro e noutros do resto do Estado, nas súas demandas de equiparación de dereitos laborais co resto da clase traballadora no marco dun modelo turístico sustentable e respeitoso coa poboación local e coas persoas empregadas no mesmo.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA COMPLETAR O PROXECTO DE REFORMA DO LÍMITE LESTE DA ALAMEDA E AS OBRAS DE REFORMA E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA RÚA POMBAL E PARA IMPULSAR MECANISMOS DE COORDENACIÓN ENTRE CONCELLERÍAS NAS OBRAS.

En novembro de 2019 producíronse desprendementos de pedras e rochas nos noiros do parque da Alameda que salvan o desnivel coa rúa do Pombal, producindo unha situación de grave risco e perigosidade. Máis dun ano despois, no mes de febreiro de 2021, rexistrouse unha nova caída de rochas sobre a calzada neste ámbito, despois dunha noite de intensas chuvias.

Estes desprendementos do 2019 levaron a encargar un proxecto que foi presentado na Comisión Asesora da Cidade Histórica no mes de setembro de 2020, cun obxectivo claro de mellorar a seguridade e a accesibilidade, recuperando esa beirarrúa e planeando un novo acceso ao parque desde a parte inferior da rúa do Pombal. Esta actuación, cun custe de contrata de máis de 600.000 euros, formulábase sobre terreos de propiedade pública e tamén sobre parcelas privadas.

A falta de coordinación entre concellerías impediu que o proxecto fora realizado na súa totalidade por non terse conseguido un acordo cos propietarios nin ter levado adiante o Proxecto de Expropiación para a obtención deses terreos xa prevista no planeamento.

Desde Compostela Aberta, cando foi aprobado o Proxecto na Comisión Asesora, solicitamos que se puidera executar o proxecto na súa totalidade. Tamén presentamos un rogo con este mesmo obxectivo no Pleno de febreiro de 2021, unha vez que puidemos comprobar que a obra licitada non incluía o proxecto completo por non terse obtido estes terreos de particulares e solicitamos, ademais, a ampliación da actuación de forma que se lle dera unha solución única e conxunta a todo ese ámbito, desde a travesa do Cruceiro do Gaio, garantindo a seguridade e a accesibilidade cunha solución estética unitaria.

Agora no final desta obra, vemos como seguen sen resolverse estas demandas e que, ademais, foi executada unha solución de peche de parcela pouco acorde co resto do proxecto xa que non se deron os pasos necesarios para obter estes terreos e acadar unha solución axeitada neste punto de remate da Alameda na entrada dunha das vías históricas de entrada na cidade.

Sabemos que seguen a darse pasos para mellorar a rúa cun novo proxecto, pero preocúpanos que a falta de coordinación entre concellerías, engadindo neste caso ás de Urbanismo e Obras a participación da concellería de Mobilidade, impidan acadar a

mellor solución posible e unha resolución axeitada en tempo e forma.

Transmitimos esta preocupación respecto desta obra porque os exemplos de descoordinación dos últimos meses entre as concellerías de Mobilidade e Obras están a supor graves problemas e perxuizos para a veciñanza que sofre este problema cos atrasos e problemas de acabados das obras, das que xa temos falado numerosas veces neste Pleno en relación a actuacións como a de Concheiros ou a reforma do Hórreo.

Neste caso, despois dos problemas de tráfico sufridos ao longo do tempo nesta obra, vemos como a obra non está completa e será necesario acometer outras dúas fases, ata poder rematala por esta falta de coordinación entre Concellerías.

E por todo iso o Grupo Municipal de Compostela Aberta, presenta para debate plenario, o seguinte **ACORDO**:

O Pleno do Concello de Santiago insta ao correspondente órgano de Goberno a:

1. Realizar as actuacións precisas para obter os terreos e completar as obras incluídas no proxecto do límite leste da Alameda no ámbito de contacto coa rúa do Pombal
2. Levar adiante o proxecto de reforma da Rúa do Pombal tendo en conta a necesidade de mellorar a accesibilidade e seguridade peonil e as distintas opcións de mobilidade que a rúa poida ter no futuro, e coordinar estas actuacións coas do punto anterior para dar unha solución definitiva para este ámbito.
3. Mellorar a coordinación entre Concellerías, e neste caso en concreto entre as de Urbanismo, Obras e Mobilidade, para que a veciñanza non siga a sufrir atrasos e demoras nas obras por esta falta de coordinación.

MOCIÓN DE URXENCIA DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA POR UN MONTE GALEGO CON FUTURO

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción de urxencia para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Tal e como denuncia o manifesto da plataforma “Por un monte galego con futuro” lido nas mobilizacións contra os incendios, estamos, unha vez máis, diante dunha nova traxedia ambiental, social e cultural, un novo pesadelo nesta longa noite de perda da nosa natureza. Esta lacra de incendios está asolagando as provincias de Lugo e Ourense, nomeadamente os seus espazos naturais protexidos. A estas horas probablemente xa superemos as 30.000 hectáreas calcinadas no noso País, por riba de calquera previsión, sendo os incendios do Courel e de Valdeorras os máis grandes da Historia de Galicia. Estamos a vivir unha auténtica catástrofe ecolóxica. O lume está arrasando gran parte das nosas serras orientais galegas, e varias das xoias naturais máis emblemáticas e xenuínas do País: o Courel, o Parque Natural do Invernadoiro, o Parque Natural da Enciña da Lastra e o Macizo Central.

Tamén asistimos impotentes ante o avance das chamazas en boa parte da comarca de Valdeorras, e nas localidades de Pobra de Brollón, Oímbra e Palas. Grande parte

destes espazos quedarán tinxidas de negro, en forma dun “Prestige de interior” que vai deixar tras de si unha paisaxe desoladora e unha terra devastada.

“Como pode arder unha aldea?” escribían nun xornal. Van máis de 85 casas calcinadas, e milleiro e medio de persoas evacuadas que se viron obrigadas a deixar os seus fogares impotentes, e vendo que non había medios suficientes para facerlle fronte ao lume. Están abandonadas. Desde as institucións e administracións públicas, compre seguir o exemplo do tecido asociativo en defensa do noso monte e do noso territorio e mostrar, tamén, a nosa total solidariedade coa veciñanza evacuada e con aquela outra que pese aos avisos, e arriscando a súa vida, mantéñense na aldea para tratar de facerlle fronte a un lume agardando a que chova. E se as aldeas se salvan será pola súa resistencia e loita, cos soutos como os únicos aliados.

En só tres días arderon máis hectáreas das que a Xunta estimaba como tope para todo este 2022 no PLADIGA (Plano de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia). Neste plano, a Consellería de Medio Rural estimaba a superficie máxima afectada polos lumes unhas 16.200 hA, fronte as 30.000hA que levan ardido na última semana e tendo en conta que aínda non están extintos os lumes. As previsións do goberno da Xunta quedáronse moi curtas, como curtos parecen ser os 7.000 efectivos previstos para aplacar os lumes, que ao final quedaron en 400, o mesmo número que no mes de maio, que ante a actual situación resultan irrisorios.

Hai que asumir que os grandes incendios forestais, e os de sexta xeración van aumentar a súa incidencia no territorio galego. As previsións deben telos en conta porque son incendios tan voraces que poden chegar a consumir 4.000 hectareas nunha hora.

Solidarizámonos tamén co colectivo de profesionais de prevención e extinción, que outra volta traballan en condicións de absoluta precariedade, abandono e falta de medios. Hai que denunciar que novamente a Xunta volveu ao sistema de contratar brigadas de reforzo de verán por parte dos Concellos e que non estarán activas até entrado agosto, eliminando a contratación polas listas de agarda da administración galega, para aforrar medios e persoal propio.

Arden casas nun rural baleirado; arden primeiro as repoboacións de pirófitas, que alteran os ecosistemas naturais e que abocan ao lume ás carballeiras, soutos, uceiras e breixeiros mestas, que antes se xestionaban, e non ardían, porque había gando no monte. Debemos volver darlle uso a estes montes e soutos que axuden a despezar o sotobosque e recoller os froitos e cogomelos do outono.

O noso monte xa non ten a capacidade de limitar o alcance dos lumes, nin tampouco a capacidade de se rexenerar tras arder década tras década. A vida salvaxe que hoxe se perde, tardará moitos anos en volver a reaparecer, porque a contorna tamén degradada, xa non consegue achegar sementes nin individuos para a recolonización natural.

Cos lumes desaparecen aves ameazadas, como os bufos reais, as tartarañas cincetas e as gatafornelas. O oso pardo recúa tras ver a súa contorna queimada. Centos de milleiros de bolboretas, saltóns e pequenos mamíferos ficarán abrasados polo avance das lapas. Sobreiras, cerquiños, aciñeiras e érbedos monumentais convertidos en carbón en cuestión de segundos.

E que pasará con ese solo queimado e requeimado? Tan alterado que non poderá

permitir o establecemento da vexetación que sustenta a fauna. A súa recuperación non é cuestión de décadas senón de centos de anos.

E ante esta situación onde está a conselleira de medio ambiente Ángeles Vázquez Mejuto? Non debería ter comparecido xa para concretar e cuantificar a superficie protexida arrasada polas chamazas? Que medidas están tomando para paliar os efectos sobre estes espazos? e Cales son as medidas que se tomarán para paliar os efectos erosivos do lume?

O Goberno galego e o actual presidente da Xunta, Alfonso Rueda, seguen ocultando a triste realidade de que o que se está perdendo son as grandes xoias naturais de Galicia. E O lume non só arrasou con bens materiais, senón tamén ca memoria, historia e cultura de moitos dos pobos, como a casa museo de Xoán de Vilar, enciclopedia viva de cultura popular que afunde súas raíces no inconsciente colectivo galego, e que quedou calcinado polas lapas.

Unha vez máis, tivo que se ra cidadanía galega quen saíse ás rúas para esixir ao goberno da Xunta medidas urxentes para frear esta situación e un cambio radical nas súas políticas ambientais, agrogandeiras e forestais.

Así pois, tendo en conta todo o anterior e adherindo as reivindicacións do manifesto Lumes Nunca Máis impulsado pola Plataforma “Por un monte galego con futuro”, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte:

ACORDO:

O Pleno do Concello de Santiago insta á Xunta de Galicia a:

1. Facer un reforzo especial dos dispositivos de prevención e extinción nos espazos naturais de maior valor ecolóxico e ambiental de Galicia, agora e durante todo o ano.
2. Crear un único servizo público, de xestión directa e dependente da Xunta, evitando a súa privatización, composto por profesionais adecuadamente formados en prevención, extinción de incendios e multiemergencias, que podan alternar os labores de extinción no verán e prevención durante todo o ano.
3. Declarar como ‘zona catastrófica’ -agora ‘zonas afectadas gravemente por unha emerxencia civil’- das áreas atinxidas polos lumes.
4. Impulsar accións inmediatas nas zonas queimadas para evitar a erosión destes solos de extraordinaria importancia e procurar o antes posíbel a súa restauración.
5. Suspender a temporada de caza e pesca, non só nas áreas queimadas senón tamén nos tecores veciños, por un período que permita a rexeneración das poboacións salvaxes afectadas polo lume.
6. Pular, con decisión, por políticas estruturais que preserven a biodiversidade natural, restauren os ecosistemas danados e recuperen os usos tradicionais e multifuncionais dos montes, como o pastoreo, e que contribúen a fixar poboación no rural e a afastar os lumes.

7. Deixar de empregar o monte galego como obxecto de especulación, ou como solo barato para as grandes corporacións multinacionais que expulsan ás persoas do rural na procura do seu lucro privado.

8. Garantir que non se aproveiten desta situación de desgraza ambiental e social para favorecer os intereses dos lobbys enerxético, mineiro, urbanístico, e forestal.

Os acordos adoptados en relación as mocións presentadas e tratadas son os que se reflexan a continuación:

Con respecto á moción presentada polo BNG, relativa a mellora dos espazos públicos no Castiñeiriño e para a ampliación dun parque infantil, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes acorda:

1. Proceder á ampliación do parque infantil do Castiñeiriño situado entre as rúas José Antonio Souto Paz e Alejandro Pérez Lugín.

2. Velar polo mantemento e adecuación dos espazos e servizos públicos en canto á reposición de papeleiras, limpeza, roza de vexetación e coordinación do transporte público para contribuír a mellorar a calidade de vida da veciñanza deste barrio en crecemento.

Na moción presentada polo BNG para mellorar a información e sinalización turística, o Pleno da Corporación por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG e de CA (2 BNG e 5 CA), e 16 abstencións correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do PP (10 PSdeG-PSOE e 6 PP), acorda:

1. O concello en colaboración con Incolsa, disporá de persoas que ofrezan información turística en diversos idiomas nas rúas e prazas emblemáticas para mellorar este labor, cun sistema de distintivo de “gorras vermellas” ou similar.

2. O concello procederá a indicar a dirección aos monumentos máis relevantes, de xeito ben visíbel, na praza de Cervantes; así como as direccións á estación intermodal de ferrocarril e autobuses e ao Monte do Gozo.

3. O concello habilitará paneis cun distintivo para sinalizar as paradas do autobús ao aeroporto e porá en funcionamento o panel electrónico que indica as frecuencias.

Na moción presentada polo PP relativa ao avance na modernización ferroviaria de Galicia, á que presentou emenda transaccional “en voz” o BNG, e despois de ser aceptada, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (7 PP, 5 CA e 2 BNG) e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda dirixirse ao Goberno de España para:

1. Demandar a dotación inmediata dos trens Avril de rodadura desprazadable que permita a chegada da alta velocidade ás cidades de Santiago, A Coruña, Pontevedra e Vigo.

2. Demandar a presentación e execución dunha planificación concreta e completa para a modernización das infraestruturas ferroviarias para que Ferrol e Lugo se conecten tamén á Alta Velocidade.

3. Incluír os trens AVANT Media distancia na bonificación do 100% anunciado polo goberno do Estado.

4. Manter unha oferta adecuada de servizos de media distancia que responda á necesidade das persoas usuarias do noso país.

No tocante á moción presentada polo BNG para dar a coñecer o espazo Monte de Deus e atender as demandas veciñais para estender as liñas de autobús urbano a Vite de Arriba, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do BNG, do PP e de CA (2 BNG, 7 PP e 5 CA), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda que:

1. O concello impulsará, mediante a promoción adecuada, o miradoiro do Monte de Deus como un espazo singular, polo seu valor paisaxístico, para coñecer en Santiago de Compostela.

2. O Goberno local atenderá as demandas da veciñanza de Vite de Arriba para estender a liña de autobús até este núcleo de poboación, coas frecuencias necesarias tamén en fin de semana.

Con respecto á moción presentada por CA para apoiar as reivindicacións das tripulacións de cabina que operan no aeroporto, o Pleno da Corporación por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA e do BNG (5 CA e 2 BNG), e 17 abstencións correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do PP (10 PSdeG-PSOE e 7 PP), acorda manifestar a súa solidariedade coas mobilizacións e reivindicacións das Tripulacións de Cabina de Ryanair, así como do conxunto das aeroliñas que operan no Aeroporto de Santiago-Rosalía de Castro e noutros do resto do Estado, nas súas demandas de equiparación de dereitos laborais co resto da clase traballadora no marco dun modelo turístico sustentable e respectuoso coa poboación local e coas persoas empregadas no mesmo.

Con respecto á moción presentada por CA para complementar o proxecto de reforma do límite leste da Alameda e as obras de reforma e mellora da accesibilidade da rúa do Pombal, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais de CA, do PP e do BNG (5 CA, 7 PP e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao correspondente órgano de Goberno a:

1. Realizar as actuacións precisas para obter os terreos e completar as obras incluídas no proxecto do límite leste da Alameda no ámbito de contacto coa rúa do Pombal

2. Levar adiante o proxecto de reforma da Rúa do Pombal tendo en conta a necesidade de mellorar a accesibilidade e seguridade peonil e as distintas opcións de mobilidade que a rúa poida ter no futuro, e coordinar estas actuacións coas do punto anterior para dar unha solución definitiva para este ámbito.

3. Mellorar a coordinación entre Concellerías, e neste caso en concreto entre as de Urbanismo, Obras e Mobilidade, para que a veciñanza non siga a sufrir atrasos e demoras nas obras por esta falta de coordinación.

Con respecto á moción de urxencia presentada por CA sobre o monte galego, á que presentou emenda o grupo municipal do PSdeG-PSOE en voz, que non é aceptada por CA, o Pleno da Corporación por 7 votos a favor de CA e do BNG (5 CA e 2 BNG), 7 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as presentes do grupo municipal do PP, e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE. Acadando un empate na votación, e manténdose o sentido de voto nunha segunda votación, así como a abstención do Alcalde, a moción non se aproba.

Remata a sesión ás 18:10 horas. Dou fe.